



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DEZANOVE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 45)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dezanove de novembro de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa como Secretario, o Secretario Xeral Adxunto D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez e o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DOCE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día doce de novembro de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE FUNDENTES PARA O MANTEMENTO DA VIALIDADE INVERNAL NA REDE VIARIA PROVINCIAL DE LUGO 2022-2024.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de fundentes para o mantemento da vialidade invernall na rede viaria provincial de Lugo 2022-2024, 2021/CON_02/000079, consta no mesmo:

Memoria xustificativa, elaborada polo Servizo de Vías e Obras, con CSV IV7F7TKDL4Z65HWKYLWWD5TE54¹.

¹ Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Prego de prescricións técnicas elaborado pola Servizo de Vías e Obras, con CSV IV7F7TKDFAJZ5S6KWZQ4K5LPAY.

Providencia de inicio de expediente de contratación, con CSV IV7F7TKDME6LTTP56YFUJZTGKU.

Informe de Intervención de consignación orzamentaria, con CSV: IV7FY4BPHBRI5TWTZR5DHYYV6U.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV IV7F2TR4OEP773MTZXXWINBGM4.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7F2TRTPEMC7O7M4UPV4FQVLY.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7F2XKZJNGMRBGS6QFWINHHOM.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de fundentes para o mantemento da vialidade invernala na rede viaria provincial de Lugo 2022-2024, expediente 2021/CON_02/000079, cunha duración de dous anos, prorrogable por un ano máis.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como o criterio de valoración, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter

ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 131.200,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 27.552,00 €, o que fai un total de 158.752,00 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, de acordo coas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2022	4530.210	39.688,00	220219/703
2023	4530.210	79.376,00	220219/703
2024	4530.210	39.688,00	220219/703
SUMA		158.752,00	

O gasto financiarase con cargo ás anualidades 2022, 2023 e 2024. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos de 2022, 2023 e 2024 as cantidades indicadas nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A FONSAGRADA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a acta da Mesa de Contratación do día 10 de novembro de 2021, do seguinte tenor literal:



“Sendo as 08:37 horas do día 10 de novembro do 2021, baixo a Presidencia de D. José Domingo Rodríguez Ferreira, constitúese a Mesa de Contratación a través de medios electrónicos, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada polo Presidente da Mesa a tales efectos.

Polo Presidente procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación dos servizos do proxecto de execución do polígono industrial de A Fonsagrada 2021/CON_02/000062

Primeiro.- Dar conta da subsanación do 150.

Segundo.- Proposta de adxudicación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente 2021/CON_02/000062 para adxudicar o contrato de Servizo de redacción do proxecto de execución do polígono industrial de A Fonsagrada.

Antecedentes:

Informe do Concello de A Fonsagrada relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: Cod. Validación: 7RC6YF9T52RHZM56XFFSZXTGX|Corrección: <https://concelloafonsagrada.sedelectronica.es/>

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7E2D322AE5SSXNABQGEII664.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7E2734HE5JJDVCUMNFIB3754.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7E2HALP775X6B4CQGUCQDDE4.

Informe xurídico asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7E2HA32BJCTJHTDQNGC4KA4E.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7E2HLZCH6SJTUI7RHTKDTVGY.

Acordo da Xunta de Goberno de data 30 de xullo de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7E2KY6NI4KVOG73QXBEYIROQ.

Anuncio de licitación, publicado na plataforma de contratación do sector público o día 30 de xullo 2021.

Acta da mesa de contratación do día 18 de agosto de 2021, con CSV: IV7EGYLO2APJ2XZ42RIEBYBDAA, na que se recolle o seguinte:

“Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

LICITADOR
ABANTE- MEIRIÑO
NOROESTE SOLUCIONES CONSTRUCTIVAS S.L.
PROYESTEGAL S.L.

Tendo en conta que todas empresas concorrentes presentan en tempo a súa proposta, procédese ao exame e calificación do sobre electrónico A, documentación administrativa, resultando que todas as empresas concorrentes presentan a documentación esixida de conformidade co recollido nos PCAP, coa seguinte salvidade, detéctase un erro na validación da sinatura da proposta presentada pola UTE Abante- Meiriño e non cumprimenta o punto 16 (relativo á previsión ou non de recorrer a capacidades doutras entidades) do Anexo I, tendo en conta que se trata dun erro non invalidante a mesa de contratación acorda admitir a proposta presentada condicionada á subsanación do erro detectado por parte da UTE no prazo máximo de tres días hábiles e remitir consulta á plataforma de contratación do sector público no tocante ao erro detectado na sinatura, a mesa de contratación acorda remitir consulta sobre este extremo á plataforma de contratación do sector público.

A continuación procédese á apertura pública dos sobres B, relativos aos criterios de adxudicación baseados en xuízo de valor. Nesta fase avalíase a memoria técnica presentada polo licitador.

A Mesa acorda enviar a documentación contida nos sobres electrónicos B polos licitadores concorrentes a informe e valoración da Unidade de Proxectos.”

Acta da Mesa de Contratación do día 03 de setembro de 2021, con CSV: IV7FWSIPFUFK5JJYXVYUEMHGIA, na que se recolle o seguinte:



“En primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que a mesa de contratación en sesión celebrada o día 18 de agosto de 2021, acorda solicitar á Unidade de Proxectos informe avaliador dos criterios sometidos a xuízo de valor.

Acto seguido procédese ao estudo do Informe técnico presentado. Considerando a mesa de contratación que no informe presentado resulta preciso aclarar o resultado da avaliación das ofertas en función da motivación expresada, polo que a mesa de contratación acorda solicitar informe técnico complementario á Unidade de Proxectos e adiar a apertura dos sobres “C”, relativos aos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas.”

Acta da Mesa de Contratación do día 23 de setembro de 2021, con CSV: IV7FRS2LHIEN5NHLSQYAGUAO6M, na que se recolle o seguinte:

Deuse conta do informe avaliador dos criterios de adxudicación suxeitos a xuízo de valor con CSV: IV7FXQDCP3WL3266ULYQKFCT6Y, que forma parte do expediente, no que se recollen pormenorizadamente as valoracións outorgadas a cada criterio de adxudicación e a súa motivación, e que se pode resumir no seguinte cadro:

CRITERIOS	EMPRESA		
	UTE ABANTE-MEIRIÑO	NOROESTE SOLUCIONES CONSTRUCTIVAS S.L.	PROYESTEGALS.L.
1.- Asesoramiento y colaboración con la Diputación Provincial para la obtención de permisos y licencias (máximo 20 puntos)	18,50	2,50	6,50
Grado de detalle y calidad	1,50	0,50	1,50
Medios	6,00	1,00	2,00
Organización, planificación y metodología	11,00	1,00	3,00
2.- Metodología y calidad de la oferta técnica (máximo 20 puntos)	17,50	3,00	8,50
Grado de detalle y calidad	1,50	0,50	1,50
Medios	6,00	1,00	2,00
Organización, planificación y metodología	10,00	1,50	5,00
TOTAL CRITERIOS JUICIO DE VALOR	36,00	5,50	15,00

A Mesa de Contratación acorda aceptar o informe técnico obrante no expediente e facelo seu, e consecuentemente procédese á apertura e valoración dos sobres C, cos seguintes resultados:

2021/CON_02/000062			
LICITADORES	PREZO OFERTADO	DISPONIBILIDAD LUNS A VENRES	DISPONIBILIDAD FINS DE SEMANA
UTE ABANTE MEIRINO	35.090,00 €	5,00	12,00
NOROESTE SOLUCIONES CONSTRUCTIVAS S.L.	30.143,25 €	5,00	12,00
PROYESTEGAL S.L.	30.250,00 €	5,00	12,00

Unha vez comprobado que ningunha das ofertas admitidas á contratación de referencia, presenta valores anormalmente baixos ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, e ao disposto na cláusula 13.1 e 13.2 do PCAP, procédese á valoración do contido dos sobres C, cos seguintes resultados:

2021/CON_02/000062			
LICITADORES	NOTA PREZO OFERTADO	NOTA DISPONIBILIDAD LUNS A VENRES	NOTA DISPONIBILIDAD FINS DE SEMANA
UTE ABANTE MEIRINO	34,36	10	10
NOROESTE SOLUCIONES CONSTRUCTIVAS S.L.	40,00	10	10
PROYESTEGAL S.L.	39,86	10	10

Da suma das puntuacións obtidas no sobre B e as obtidas no sobre C, obtéñense os seguintes resultados:

2021/CON_02/000062			
LICITADORES	NOTAS SOBRE B	NOTAS SOBRE C	NOTAS TOTAIS
UTE ABANTE MEIRINO	36	54,36	90,36
NOROESTE SOLUCIONES CONSTRUCTIVAS S.L.	5,5	60,00	65,50
PROYESTEGAL S.L.	15	59,86	74,86

Á vista dos resultados numéricos da aplicación dos criterios de valoración, a mesa de contratación, acorda, por unanimidade, publicar na plataforma de contratación do sector público os informes técnicos xunto cos resultados acadados – recollidos na presente acta- e elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:



2021/CON_02/000062		
Nº ORDE	LICITADOR	NOTAS TOTAIS
1	UTE ABANTE MEIRIÑO	90,36
2	PROYESTEGAL S.L.	74,86
3	NOROESTE SOLUCIONES CONSTRUCTIVAS S.L.	65,50

Requirir á Unión Temporal de Empresas Abante- Meiriño. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas e constitúa a garantía definitiva por importe de 1.450,00 euros.”

Resolución da Presidencia do día 04 de outubro de 2021, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación.

Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado a través da plataforma de contratos do sector público o día 07 de outubro de 2021.

Documentación administrativa presentada a través da plataforma de contratación do sector público o día 22 de outubro de 2021.

Acta da Mesa de Contratación do día 27 de outubro de 2021, con CSV: IV7FYWHKZROKR5MTARNSGRZR6M, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar procedeuse ao exame da documentación do artigo 150 da LCSP, presentada pola UTE Abante- Meiriño, observándose os seguintes defectos:

Non consta xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil para os técnicos que interveñan no contrato (D. Ramón Carlos Fernández e D. Marcos Sánchez López), por valor mínimo de 300.000 euros por asegurado e sinistro, sen ningún tipo de franquía, requisito esixido para acreditar a solvencia económica.

Debe acreditar a solvencia técnica e profesional das empresas Abante Arquitectura S.L. e Abante Ingeniería S.L., sen perxuízo de que se acumule a efectos de determinación do mínimo esixible.

Non consta certificado de estar ao corrente de débedas coa Axencia Tributaria de D. Luis Meiriño Vieytes.

A Mesa de Contratación califica o defecto detectado como subsanable, acordando por unanimidade requirir á UTE Abante- Meiriño para que enmende o erro detectado no prazo de tres días hábiles, a contar desde o seguinte ao da recepción do requirimento feito a tal fin, aplicando o disposto no artigo 141 da LCSP.

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

Polo que se refire ao equipo de traballo adscrito á execución do contrato, a mesa de contratación acorda solicitar á unidade de proxectos informe sobre se o equipo ofertado conta con titulación habilitante para a redacción do proxecto, conforme coa lexislación de aplicación.”

Consta no expediente requirimento de subsanación de documentación administrativa, cursado a través da plataforma de contratos do sector público o día 05 de novembro de 2021

Reunida a Mesa de Contratación o día 10 de novembro de 2021, aos efectos de examinar a subsanación da documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, no prazo concedido a tales efectos, a documentación requirida pola Mesa. Consta presentada o día 08 de novembro de 2021.

No tocante ao equipo de traballo adscrito á execución do contrato, consta no expediente informe, con CSV: IV7FYGQ4YDWZTWV4DVGGKE3RCU, no que se conclúe que o equipo ofertado conta coa titulación habilitante para a redacción do proxecto.

A Mesa de Contratación dá por subsanados os erros detectados na documentación administrativa presentada, e consecuentemente acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:



Adxudicar á UTE Abante Meiriño, o contrato de servizo de redacción do proxecto de execución do polígono industrial de A Fonsagrada, por importe de 29.000,00 euros, aos que se engadirán 6.090,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 35.090,00 euros.

O licitador oferta 5 horas de dispoñibilidade de luns a venres en horario de 15:00 a 20:00 e 12 horas en sábados domingos e festivos en horario de 08:00 a 20:00.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao Servizo de Intervención para que proceda á fiscalización previa á adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 08:40 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da mesa, Certifico.

A presente asinase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Adxudicar o servizo de redacción do proxecto de execución do polígono industrial de A Fonsagrada á UTE Abante Meiriño, por importe de 29.000,00 euros, aos que se engadirán 6.090,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 35.090,00 euros. O licitador oferta 5 horas de dispoñibilidade de luns a venres en horario de 15:00 a 20:00 e 12 horas en sábados domingos e festivos en horario de 08:00 a 20:00.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala no anuncio de licitación, e que terá lugar non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151 da LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RECTIFICACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES RELATIVOS Á CONTRATACIÓN POR LOTES DOS SERVIZOS DE DISEÑO E MAQUETACIÓN; IMPRESIÓN E ENCADERNACIÓN E EDICIÓN COMPLETA DAS PUBLICACIÓNS EDITADAS POLO SERVIZO DE PUBLICACIÓNS DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA O EXERCICIO 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vistas as dúbidas xeneradas polos pregos reitores da contratación por lotes dos servizos de deseño e maquetación; impresión e encadernación e edición completa das publicacións editadas polo servizo de publicacións da Deputación de Lugo para o exercicio 2022, o día 15.11.2021 procedeuse a suspender o prazo de presentación de propostas, por razóns de seguridade xurídica, en aras de introducir, de ser preciso modificación nos pregos reitores da contratación, ao amparo do artigo 136 da LCSP, nos termos dos artigos 122 e 124 da LCSP.

Visto o Informe con CSV: IV7F2XH4JEFDXLPN6IHTCIDOOE que figura no expediente, do seguinte tenor literal:



“Vistas as dúbidas xeneradas polos pregos reitores da contratación por lotes dos servizos de deseño e maquetación; impresión e encadernación e edición completa das publicacións editadas polo servizo de publicacións da Deputación de Lugo para o exercicio 2022, procede rectificar o prego de cláusulas administrativas particulares da contratación de referencia, ao amparo do artigo 136 da LCSP, nos termos dos artigos 122 e 124 da LCSP segundo o que se indica a continuación:

1.- No punto “P” do cadro resumen “Criterios de adxudicación”, apartado 1.1. “Enfoque da oferta técnica, metodoloxía, calidade da proposta e adecuación ás necesidades da Deputación Provincial de Lugo”, subapartado a) procédese a incorporar o destacado en negra:

“1.1.a) Cada empresa licitadora presentará un exemplo físico de traballos anteriores, que sexan técnica, metodolóxica e cualitativamente adecuados ao especificado no prego de prescricións técnicas e no definido en cada un dos lotes aos que presente oferta. O traballo será valorado polo Xefe de Sección do Servizo de Publicacións e Normalización Lingüística. Ver apartado do cadro resumen “Outros datos: lugar de presentación de ofertas”.

2.-No apartado do cadro resumen “Outros datos: lugar de presentación de ofertas” procédese incorporar o destacado en negra.

“Con carácter exclusivo e excluínte na Plataforma de contratación do Sector Público: <https://contrataciondelestado.es/>, **coa salvidade da presentación presencial do apartado 1.1.1.a) da oferta técnica que realizarase polos seguintes medios:**

Lugar, E prazo de presentación da mostra requirida na oferta técnica: apartado 1.1.a) recollido no cadro resumen do PCAP, “1.1.a) Cada empresa licitadora presentará un exemplo físico de traballos anteriores, que sexan técnica, metodolóxica e cualitativamente adecuados ao especificado no prego de prescricións técnicas e no definido en cada un dos lotes aos que presente oferta. O traballo será valorado polo Xefe de Sección do Servizo de Publicacións e Normalización Lingüística.”

Plazo de presentación.

O prazo de presentación de proposicións será como máximo de 15 días contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es). Precisarase na Plataforma de Contratos do Sector Público, o último día para presentar proposicións.

Se o último coincidise en sábado, domingo ou festivo, entenderase prorrogado ata o seguinte día hábil.

Lugar de presentación de las ofertas:

A presentación poderá realizarse ben persoalmente, no Rexistro xeral da Deputación provincial de Lugo, ben mediante envío por mensaxería entregado dentro do prazo sinalado, ou ben en calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, no que resulte aplicable.

No caso de envío por correo ou en calquera das dependencias recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, que resulten de aplicación, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar por sede electrónica o xustificante/resgardo correspondente da remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos requisitos (resgardo de imposición de envío dentro do prazo e comunicación nese mesmo día), non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, dez días desde a data sinalada no anuncio como data límite, sen que a proposta se tivese recibido, esta en ningún caso será admitida.

O Rexistro xeral da Deputación provincial de Lugo, ten horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

A presentación das proposicións deberase realizar nunha soa das dependencias administrativas de entre as varias que existan para poder levala a cabo, rexeitándose no caso contrario todas as presentadas polo interesado,



A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego e do prego de prescricións técnicas, sen salvidade algunha.

Transcorridos dez (10) días naturais seguintes á data indicada no anuncio de licitación sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

Forma de presentación:

A) As mostras as que se refire o apartado 1.1.a) do cadro resumen do PCAP presentarase en sobre pechado e asinado polo operador económico ou pola persoa que o represente. No interior do sobre incorporaranse as mostras físicas dos traballos aos que fai referencia o mencionado apartado do PCAP.

No exterior do sobre indícaranse os seguintes datos:

1) A identificación do sobre de que se trate (sobre B “mostras”).

2) A identificación do contrato: nº de expediente e obxecto e LOTE ao que se presenta.

3) A identificación da licitadora: se é unha persoa xurídica indícarase a súa denominación social e NIF; e se é unha persoa física o seu nome e apelidos e nº de DNI ou documento equivalente.

4) A identificación da persoa física que asine a oferta: nome e apelidos e nº de DNI ou documento equivalente.

B) O sobre presentarase dentro do prazo – data e hora- establecido no anuncio de licitación.

O resto da oferta técnica presentarase por medios electrónicos segundo o indicado na cláusula décimo primeira do PCAP, en concreto, a documentación referida nos apartados 1.1. b) c) e d) do cadro resumen do PCAP,

1.1. b) Avances na calidade dos materiais empregados por arriba do especificado en cada lote.

1.1. c) A inclusión dun número maior de exemplares , que mellore o número especificado en cada lote.

1.1.d) O avance das calidades de impresión e acabados de interior e cuberta , por arriba do especificado en cada lote.

En todo caso, deberá de presentarse unha oferta técnica para cada lote aos que se presente.

3.-O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, deixando a salvo a aplicación dos artigos 9 e 10 da lei 40/2015 de RXSP, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial

Conclusión:

Considerando os antecedentes, e vistas as consideracións realizadas no corpo do presente, infórmase de xeito favorable a continuación do expediente, para proceder á modificación dos pregos reitores da contratación por lotes dos servizos de deseño e maquetación; impresión e encadernación e edición completa das publicacións editadas polo servizo de publicacións da Deputación de Lugo para o exercicio 2022, ao amparo do artigo 136 da LCSP, nos termos dos artigos 122 e 124 da LCSP.”

Á vista do exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:



1º.- Aprobar a rectificación do prego de cláusulas administrativas da contratación por lotes dos servizos de deseño e maquetación; impresión e encadernación e edición completa das publicacións editadas polo servizo de publicacións da Deputación de Lugo, rectificadas nos termos recollidos no informe reproducido anteriormente, retrotraendo o procedemento ao momento da publicación na plataforma de contratación do sector público do anuncio de licitación, publicando por este mesmo medio os pregos de cláusulas administrativas rectificadas.

2º.- Levantar a suspensión do prazo de presentación de ofertas, e outorgar un novo prazo de licitación de 15 días naturais, contados a partir da publicación do anuncio de licitación na referida plataforma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN NÚMERO 4 DO CONTRATO BASEADO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA A DEPUTACIÓN DE LUGO A TRAVÉS DO ACORDO MARCO DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ELECTRICIDADE EN ALTA E BAIXA TENSIÓN.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Responsable do Contrato de referencia e visto o informe xurídico, do seguinte tenor literal:

“Antecedentes.

Primeiro.- En relación á contratación da Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), na Xunta de Goberno do 26 de Xuño do 2020 adoptouse o seguinte acordo, en virtude do cal se adxudicaba a contratación á empresa Gas Natural Comercializadora, S.A:

“Aprobar o gasto da contratación da Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en Alta e Baixa Tensión -Núm. de Expediente2020/CON_01/000013, segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 542.429,22 euros. O orzamento base de licitación inclúe 94.140,61 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 448.288,61 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP atendendo ao seguinte detalle:

CENTRO	APILCACIÓN	IMPORTE	ANO 2020	RC	ANO 2021	RC
CLUB NÁUTICO BELESAR PRESA	4321.22100	696,76	348,38	22020/10342	348,38	220209/187
APIARIO GRANJA (COLMENAR)	4120.22100	472,72	236,36	22020/10343	236,36	220209/188
ESCUELA DE PIRAGÜISMO	3421.22100	6.913,70	3.456,85	22020/10344	3.456,85	220209/189
CLUB NÁUTICO PORTOMARÍN	4321.22100	2.832,88	1.416,44	22020/10345	1.416,44	220209/190
ALUMBRADO PÚBLICO PENOUÇOS	1720.22100	262,76	131,38	22020/10346	131,38	220209/196
ESCOLA TALLER VILANOVA	9330.22100	204,60	102,30	22020/10347	102,30	220209/201
ALUMBRADO PÚBLICO CHANCA	1720.22100	222,78	111,39	22020/10348	111,39	220209/194
CLUB NÁUTICO BELESAR PUEBLO	4321.22100	4.142,50	2.071,25	22020/10349	2.071,25	220209/191
MUSEO DEL MAR	3333.22100	11.327,64	5.663,82	22020/10350	5.663,82	220209/204
ALUMBRADO PÚBLICO FERVEDOIRA	1720.22100	806,14	403,07	22020/10351	403,07	220209/197
MUSEO SAN PAIO DE NARLA	3331.22100	17.816,28	8.908,14	22020/10352	8.908,14	220209/205
MUSEO PAZO DE TOR	3332.22100	4.903,90	2.451,95	22020/10353	2.451,95	220209/206
ANTIGÜO HOTEL MIÑO. TOLDA	9200.22100	8.745,90	4.372,95	22020/10354	4.372,95	220209/212
PARQUE MÓVIL	9201.22100	18.235,58	9.117,79	22020/10355	9.117,79	220209/213
CENTRAD	2413.22100	13.211,30	6.605,65	22020/10356	6.605,65	220209/208
MUSEO DE LA CESTERÍA	2413.22100	3.078,02	1.539,01	22020/10357	1.539,01	220209/209
ESTACIÓN BOMBEO	4120.22100	3.155,74	1.577,87	22020/10358	1.577,87	220209/210
CRUZ ROJA-FUDACE	9330.22100	29.391,98	14.695,99	22020/10359	14.695,99	220209/202
DEPENDENCIAS PLAZA DE SANTO DOMINGO	9200.22100	4.332,44	2.166,22	22020/10360	2.166,22	220209/214
SERVICIO DE RECAUDACIÓN	9320.22100	13.995,10	6.997,55	22020/10361	6.997,55	220209/217
MUSEO PROVINCIAL	3330.22100	41.169,88	20.584,94	22020/10362	20.584,94	220209/207
ESCUELA DE CAZA Y PESCA TOR	1720.22100	2.833,12	1.416,56	22020/10363	1.416,56	220209/198
RESIDENCIA DE POL	2315.22100	17.570,28	8.785,14	22020/10366	8.785,14	220209/221
RESIDENCIA DE TRABADA	2315.22100	20.067,10	10.033,55	22020/10368	10.033,55	220209/223
RESIDENCIA DE A FONSAGRADA	2315.22100	6.963,20	3.481,60	22020/10370	3.481,60	220209/225
RESIDENCIA DE CASTROVERDE	2315.22100	17.570,28	8.785,14	22020/10375	8.785,14	220209/226
RESIDENCIA DE PEDRAFITA	2315.22100	17.570,28	4.392,57	22020/10383	13.177,71	220209/228
CLUB NÁUTICO AUGAS MESTAS	9330.22100	4.690,66	2.345,33	22020/10364	2.345,33	220209/203
CLUB NÁUTICO DOADE	4321.22100	4.210,68	2.105,34	22020/10436	2.105,34	220209/192
CENTRO DE INTERPRETACÓN TERRAS DO MIÑO	1729.22100	11.697,06	5.848,53	22020/10437	5.848,53	220209/199
MAZO DE SANTA COMBA	1729.22100	16.006,88	8.003,44	22020/10438	8.003,44	220209/200
ESCOLA DE IMAXE E SON	3241.22100	49.722,84	24.861,42	22020/10439	24.861,42	220209/219
GRANJA (CENTRO DE RECRÍA)	4120.22100	65.536,52	32.768,26	22020/10440	32.768,26	220209/211
PALACIO PROVINCIAL SAN MARCOS	9200.22100	54.903,96	27.451,98	22020/10442	27.451,98	220209/215
PAZO DOS DEPORTES	3420.22100	53.535,44	26.767,72	22020/10444	26.767,72	220209/218
HOGAR DE SANTA MARÍA	9200.22100	13.632,32	6.816,16	22020/10445	6.816,16	220209/216
TOTAL		542.429,22	266.822,04		275.607,18	



En virtude do disposto no informe de intervención de data 29/05/2020, existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2020, pola cantidade de 266.822,04 euros, para a anualidade 2020.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas na táboa anterior.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

O Orzamento Base de Licitación da presente contratación, foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

Adxudicar o contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en Alta e Baixa Tensión a favor da empresa Gas Natural Comercializadora, S.A. con NIF A61797536.

A empresa adxudicataria comprométese a subministrar Enerxía Eléctrica nas dependencias da Deputación de Lugo, ata un importe máximo de 448.288,61 euros, aos que hai que engadir 94.140,61 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 542.429,22 euros, de acordo co seguinte detalle e tendo en conta a data prevista de inicio da subministración:

CENTRO E NÚMERO DE CUP	APLICACIÓN	IMPORTE	ANO 2020	RC	ANO 2021	RC
ES0022000007659481BP1P CLUB NÁUTICO BELESAR PRESA	4321.22100	696,76	348,38	22020/10342	348,38	220209/187
ES0033770095770001MF0F APIARIO GRANJA (COLMENAR)	4120.22100	472,72	236,36	22020/10343	236,36	220209/188
ES0033770091375002WD0F ESCUELA DE PIRAGÜISMO	3421.22100	6.913,70	3.456,85	22020/10344	3.456,85	220209/189
ES0022000007969343MZ1P CLUB NÁUTICO PORTOMARÍN	4321.22100	2.832,88	1.416,44	22020/10345	1.416,44	220209/190
ES0033770593651001AF0F ALUMBRADO PÚBLICO PENOUÇOS	1720.22100	262,76	131,38	22020/10346	131,38	220209/196
ES0033770548328001DW0F ESCOLA TALLER VILANOVA	9330.22100	204,60	102,30	22020/10347	102,30	220209/201
ES0033770594094001JG1P ALUMBRADO PÚBLICO CHANCA	1720.22100	222,78	111,39	22020/10348	111,39	220209/194
ES0022000007915396YW1P CLUB NÁUTICO BELESAR PUEBLO	4321.22100	4.142,50	2.071,25	22020/10349	2.071,25	220209/191
ES0033770065431001ZP0F MUSEO DEL MAR	3333.22100	11.327,64	5.663,82	22020/10350	5.663,82	220209/204
ES0033770085658001KA0F ALUMBRADO PÚBLICO FERVEDOIRA	1720.22100	806,14	403,07	22020/10351	403,07	220209/197
ES0022000004984646WG1P MUSEO SAN PAIO DE NARLA	3331.22100	17.816,28	8.908,14	22020/10352	8.908,14	220209/205
ES002200000489957TR1P MUSEO PAZO DE TOR	3332.22100	4.903,90	2.451,95	22020/10353	2.451,95	220209/206
ES0033770092789001RZ0F ANTIGÜO HOTEL MINO. TOLDA	9200.22100	8.745,90	4.372,95	22020/10354	4.372,95	220209/212
ES0033770082626001PR0F PARQUE MÓVIL	9201.22100	18.235,58	9.117,79	22020/10355	9.117,79	220209/213
ES0033770084995001ZR0F CENTRAD	2413.22100	13.211,30	6.605,65	22020/10356	6.605,65	220209/208
ES0033770588633001FD0F MUSEO DE LA CESTERÍA	2413.22100	3.078,02	1.539,01	22020/10357	1.539,01	220209/209
ES0033770068343001PR0F ESTACIÓN BOMBEO	4120.22100	3.155,74	1.577,87	22020/10358	1.577,87	220209/210
ES0033770063721002WJ0F CRUZ ROJA-FUDACE	9330.22100	29.391,98	14.695,99	22020/10359	14.695,99	220209/202
ES0033770092271013CD0F DEPENDENCIAS PLAZA DE SANTO DOMINGO	9200.22100	4.332,44	2.166,22	22020/10360	2.166,22	220209/214
ES0033770093012001ZY0F SERVICIO DE RECAUDACIÓN	9320.22100	13.995,10	6.997,55	22020/10361	6.997,55	220209/217
ES0033770092634001RB0F MUSEO PROVINCIAL	3330.22100	41.169,88	20.584,94	22020/10362	20.584,94	220209/207
ES0022000008388536SD1P ESCUELA DE CAZA Y PESCA TOR	1720.22100	2.833,12	1.416,56	22020/10363	1.416,56	220209/198
ES0033620000028907KZ0F RESIDENCIA DE POL	2315.22100	17.570,28	8.785,14	22020/10366	8.785,14	220209/221
ES0033620000022982VT0F RESIDENCIA DE TRABADA	2315.22100	20.067,10	10.033,55	22020/10368	10.033,55	220209/223
ES0033620000022372JB0F RESIDENCIA DE A FONSGRADA	2315.22100	6.963,20	3.481,60	22020/10370	3.481,60	220209/225
ES0022000009092527XQ RESIDENCIA DE CASTROVERDE	2315.22100	17.570,28	8.785,14	22020/10375	8.785,14	220209/226
ES0022000009049519AH RESIDENCIA DE PEDRAFITA	2315.22100	17.570,28	4.392,57	22020/10383	13.177,71	220209/228
ES0022000007670638JX1P CLUB NÁUTICO AUGAS MESTAS	9330.22100	4.690,66	2.345,33	22020/10364	2.345,33	220209/203
ES0022000007983705DR1P CLUB NÁUTICO DOADE	4321.22100	4.210,68	2.105,34	22020/10436	2.105,34	220209/192
ES0033770519015001YL0F CENTRO DE INTERPRETACIÓN TERRAS DO MIÑO	1729.22100	11.697,06	5.848,53	22020/10437	5.848,53	220209/199
ES0022000008881399PM1P MAZO DE SANTA COMBA	1729.22100	16.006,88	8.003,44	22020/10438	8.003,44	220209/200
ES0033770092263001VR0F ESCOLA DE IMAXE E SON	3241.22100	49.722,84	24.861,42	22020/10439	24.861,42	220209/219
ES0033620000009027PY0F GRANJA (CENTRO DE RECRÍA)	4120.22100	65.536,52	32.768,26	22020/10440	32.768,26	220209/211
ES0033770091779001HJ0F PALACIO PROVINCIAL SAN MARCOS	9200.22100	54.903,96	27.451,98	22020/10442	27.451,98	220209/215
ES0033770082361001DF0F PAZO DOS DEPORTES	3420.22100	53.535,44	26.767,72	22020/10444	26.767,72	220209/218
ES0033770088830001AG0F HOGAR DE SANTA MARÍA	9200.22100	13.632,32	6.816,16	22020/10445	6.816,16	220209/216
TOTAL		542.429,22	266.822,04		275.607,18	



A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas na táboa anterior.

Os prezos unitarios ofertados polo adxudicatario e que rexerán na presente contratación, resúmense na seguinte táboa:

PREZO UNITARIO OFERTADO POLO ADXUDICATARIO
OFERTA GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. TEi (€/kWh)

Tipo Tarifa	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	0,1049					
2.0DHA	0,1245	0,0540				
2.0DHS	0,1251	0,0596	0,0464			
2.1A	0,1182					
2.1DHA	0,1371	0,0650				
2.1DHS	0,1376	0,0745	0,0521			
3.0A	0,0868	0,0741	0,0537			
2.0DHA AP	0,1245	0,0540				
2.1DHA AP	0,1371	0,0650				
3.0A AP	0,0868	0,0741	0,0537			
3.1 A	0,0756	0,0691	0,0527			
6.1	0,0921	0,0804	0,0646	0,0571	0,0552	0,0482

Durante o ano de duración que ten o contrato, estes prezos unitarios soamente poderán ser modificados en virtude do disposto na Cláusula 5. Facturación, punto 2, Facturas da subministración de electricidade do PPT do Acordo marco, onde se indica:

“Si durante la duración del contrato se modificara la normativa que rige el precio del suministro de electricidad, la compañía adjudicataria, desde su entrada en vigor, aplicaría a los componentes del precio regulados los nuevos precios, comunicando dichos cambios a la FEMP y a las Entidades Locales con las que tienen contrato basado”.

En caso de prórroga, estes prezos unitarios serán revisados conforme ao disposto nas cláusulas 16.3 Revisión de Prezos do Acordo Marco e 21.2 apartado Tramitación da prórroga do PCA.

A duración do Contrato Baseado será de un ano, contemplándose a posibilidade de celebrar prórrogas. Poderán celebrarse ata un máximo de tres prórrogas, sendo a duración de cada unha delas de un ano, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas exceda de 4 anos.

Periodicidade da facturación: Segundo o disposto na cláusula 5.2 Factura da Subministración de Electricidade do PPT do Acordo Marco e no documento de invitación, a empresa adxudicataria emitirá unha factura por cada punto de subministración correspondente ao 100% do consumo producido en cada mes natural ou, no seu defecto, no ciclo de lectura correspondente. Ademais, se subministrará adicionalmente un documento resume no que se deberá incluír a información das facturas de forma agrupada para o conxunto dos puntos da subministración contratados.

Condições especiais de execución: En virtude do indicado tanto na cláusula 21 Contratos baseados no acordo marco punto 5 Condições Especiais de Execución do PCA do Acordo Marco, como no documento de invitación o adxudicatario:

Como condición especial de execución de carácter ambiental, deberá garantir que o 100% da enerxía a subministrar do contrato baseado foi xerada a partir de fontes de enerxía renovable. Esta obriga acreditarase conforme ao disposto na cláusula 1 Obxecto do prego, punto Orixe da enerxía a subministrar do PPT, onde entre outras cosas se indica: “la entidad adjudicataria está obligada a poner a disposición de la Entidad Local contratante los documentos que acrediten la redención de las garantías de origen a favor de dicha Entidad Local para cada punto de suministro incluido en el contrato basado, con carácter anual en el plazo máximo de 2 meses desde que la CNMC, o el órgano competente en cada momento, expidan los documentos acreditativos correspondientes”.

Deberá presentar ao responsable do contrato baseado, no prazo máximo de doce meses a contar dende o inicio da subministración, un estudo sobre a xeración da enerxía reactiva nas diferentes instalación obxecto do contrato e a valoración económica dos equipos necesarios para a súa minoración, co obxecto de reducir as perturbacións que dita enerxía produce na rede eléctrica e o impacto económico na facturación desta Entidade Local.

Ademais, en función da oferta presentada no Acordo Marco, o adxudicatario deberá, nos termos establecidos no artigo 11 Criterios de adxudicación do acordo Marco:

Respectar a porcentaxe de incremento ofertada en altas eventuais ou de temporada sobre o prezo de enerxía vixente para as subministracións definitivas en cada momento, que é dun 0%, nos termos indicados no punto 2 Valoración das tarifas para os contratos eventuais e/ou de temporada (PTAE). En relación as altas eventuais ou de temporada , tamén deberá estar ao disposto na cláusula 21.7 do PCA: Vinculación do adxudicatario en altas eventuais e/ou de temporada onde se indica que “Durante la vigencia del Contrato basado, el adjudicatario quedará vinculado por medio del Contrato basado, a ofrecer el servicio de suministro a aquellas Entidades Locales con las que se haya firmado un Contrato basado en vista de posibles altas eventuales y/o de temporada de acuerdo con las situaciones identificadas y las características indicadas en el Documento de Invitación, no pudiendo, por tanto, negarse a prestar tales Suministros que serán facturados conforme a su oferta.

La Entidad Local deberá preavisar a la comercializadora con una antelación mínima de 15 días naturales, de dichas altas eventuales y/o de temporada, con independencia de que se hayan previsto en el documento de invitación”.

Tendo en conta as características da subministración e dado que o seu pago é sempre posterior á entrega e recepción do mesmo, non se esixirá garantía definitiva para a execución do presente contrato baseado, en aplicación do previsto nas cláusulas 14 Garantía e 21 Contratos baseados no acordo Marco, punto 11, Garantía nos Contratos baseados, do PCA do Acordo Marco. No caso de que o adxudicatario fose obxecto de penalidades pola execución non adecuada do contrato baseado, estas faranse efectivas mediante dedución das cantidades pendentes de pago.

O presente contrato baseado, conforme ao establecido no artigo 36.3 da Lei9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e a cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, perfecciónase coa notificación da súa adxudicación ao contratista por parte desta entidade local.

Non obstante o anterior, e, en virtude do indicado na cláusula 21 contratos baseados no acordo Marco, punto 3 Execución e cumprimento dos contratos baseados do PCA do Acordo Marco, onde se indica: “En lo referente a la prestación efectiva del suministro, la adjudicataria

deberá iniciar el mismo en el plazo máximo de un (1) mes desde la notificación de la resolución de adjudicación, a no ser que la Entidad Local indicara un plazo superior y siempre y cuando no se produzcan retrasos en la aceptación de acceso de terceros a la red por parte de la distribuidora”, aínda que o prazo de duración do presente contrato baseado comezará a contar desde o momento no que se produza á notificación da súa adxudicación ao contratista, á prestación efectiva da subministración iniciárase o 27 de xullo de 2020, é dicir tralo remate do actual contrato de subministración eléctrica da Deputación de Lugo. Polo tanto, ata o mencionado 27 de xullo de 2020 a subministración seguirá realizándose pola mesma empresa e nas mesmas condicións que se están facendo actualmente, xa que as dependencias da Deputación de Lugo non poden quedar sen a prestación deste servizo esencial.

Notificar a presente adxudicación aos interesados conforme ao establecido na Disposición Adicional Décimo quinta da LCSP, isto é, a través de dirección electrónica habilitada ou mediante comparecencia electrónica, realizándose, ademais unha comunicación adicional a través da plataforma informática da Central de Contratación da FEMP, de acordo co previsto ao efecto na cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco.

Lembrar que segundo o punto 1 da Disposición Adicional Décimo quinta da LCSP e tal e como sinala tamén a mencionada cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, os prazos para contar desde a notificación computaranse desde a data de envío da mesma ou do aviso de notificación, se fóra mediante comparecencia electrónica, sempre que o acto obxecto de notificación se publicara o mesmo día no Perfil de contratante do Órgano de contratación. En caso contrario, os prazos computaranse desde a recepción da notificación polo interesado.

Dar traslado do contido íntegro do presente acordo ao Servizo de Contratación e Fomento desta entidade, aos efectos da publicación da adxudicación do contrato baseado, no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es), conforme ao establecido no artigo 154.4 da LCSP.”



Segundo.- Con data 24 de xullo de 2020, dende Sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía remitiuse circular que obra no expediente, a todos os departamentos da Deputación de Lugo onde textualmente se indicaba:

“En caso de ser necesaria unha nova alta de subministración de gas natural ou de electricidade (neste último caso tanto de carácter eventual como non eventual), estas deberán tramitarse obrigatoriamente a través dos Acordos Marco da Central de Contratación da FEMP para a subministración de gas natural ou de electricidade en alta e baixa tensión antes mencionados, non sendo posible realizar outros contratos ao marxe dos mesmos. Por este motivo, calquera nova alta de subministración deberá ser posta en coñecemento da Axencia da Enerxía a través do correo electrónico axencia.enerxia@deputacionlugo.org.

A estes efectos, para a alta de novas subministracións e de cara a súa tramitación por parte da Axencia da Enerxía, deberá aportarse cunha antelación de 3 meses a documentación técnica que sexa precisa en función da subministración que se precise (boletín de instalación, tarifa, potencia a contratar, etc.), sendo necesario poñerse en contacto previamente para a obtención de dita documentación técnica, co Servizo encargado da xestión das instalacións”

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 20 de Novembro do 2020, adoptou o seguinte acordo, en virtude do cal se aprobou o modificado número 1 do citado contrato baseado, para incluír unha nova subministración no mesmo:

“Aprobar, en virtude da solicitude realizada polo CENTRAD e do informe do Responsable do Contrato, a modificación do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), cun incremento do prezo de adxudicación de 2.000 €, aos que haberá que engadir 420,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 2.420,00 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

Esta subministración, de carácter eventual, servirá para iluminar o Mercado de Nadal a celebrar na Praza de San Marcos dende o día 10 de Decembro de 2020 ata o 7 de Xaneiro de 2021. Os datos técnicos da nova subministración a realizar son os seguintes:

CENTRO CUPS	DIRECCIÓN	POTENCIA	TARIFA
MERCADO DE NADAL	Praza de San Marcos 27001 LUGO	25kw	3.0

O importe por anualidades da modificación a realizar resúmese na seguinte táboa:

CENTRO CUPS	IMPORTE SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL(IVE ENGADIDO)	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO) ANUALIDADE 2020	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO) ANUALIDADE 2021
MERCADO DE NADAL	2.000,00 €	420,00 €	2.420,00 €	1.855,00 €	565,00 €

O importe do gasto para esta nova subministración foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

Por tratarse dunha subministración eventual, a adxudicataria ademais deberá ter en conta o seguinte:

A data de inicio da subministración é o día 10 de Decembro de 2020 e a data de remate o día 7 de Xaneiro de 2021.

A adxudicataria deberá estar ao disposto na cláusula 21.7 do PCA: Vinculación do adxudicatario en altas eventuais e/ou de temporada onde se indica que “Durante la vigencia del Contrato basado, el adjudicatario quedará vinculado por medio del Contrato basado, a ofrecer el servicio de suministro a aquellas Entidades Locales con las que se haya firmado un Contrato basado en vista de posibles altas eventuales y/o de temporada de acuerdo con las situaciones identificadas y las características indicadas en el Documento de Invitación, no pudiendo, por tanto, negarse a prestar tales Suministros que serán facturados conforme a su oferta. La Entidad Local deberá preavisar a la comercializadora con una antelación mínima de 15 días naturales, de dichas altas eventuales y/o de temporada, con independencia de que se hayan previsto en el documento de invitación.”



A porcentaxe de incremento ofertada polo adxudicatario do contrato baseado en altas eventuais ou de temporada sobre o prezo de enerxía vixente para as subministracións definitivas en cada momento, é dun 0%, nos termos indicados no punto 11.2 Valoración das tarifas para os contratos eventuais e/ou de temporada (PTAE), que obra no expediente. De acordo co exposto, os prezos unitarios ofertados polo adxudicatario do contrato baseado e que tamén rexerán no presente modificado, resúmense na seguinte táboa:

PREZO UNITARIO OFERTADO POLO ADXUDICATARIO
OFERTA GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. TEi (€/kWh)

Tipo Tarifa	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	0,1049					
2.0DHA	0,1245	0,0540				
2.0DHS	0,1251	0,0596	0,0464			
2.1A	0,1182					
2.1DHA	0,1371	0,0650				
2.1DHS	0,1376	0,0745	0,0521			
3.0A	0,0868	0,0741	0,0537			
2.0DHA AP	0,1245	0,0540				
2.1DHA AP	0,1371	0,0650				
3.0A AP	0,0868	0,0741	0,0537			
3.1 A	0,0756	0,0691	0,0527			
6.1	0,0921	0,0804	0,0646	0,0571	0,0552	0,0482

Adxudicar este modificado á empresa adxudicataria do contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A., con NIF A61797536, que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 450.288,61 €, aos que haberá que engadir 94.560,61 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 544.849,22 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 0,45 % sobre o prezo inicial do contrato baseado.

O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación, sendo este de un ano, contado a partir do 26 de xuño do 2020, data na que se entende practicada a notificación da adxudicación do contrato baseado.

3. A formalización do modificado realizarase de acordo co establecido no artigo 153 da LCSP, conforme ao previsto no artigo 36.3 da LCSP e a cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, e será publicado de conformidade co sinalado nos artigos 207 e 63 da LCSP, mediante a inserción dos correspondentes anuncios no DOUE e no perfil do contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”

Cuarto.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 26 de Febreiro do 2021, adoptou o seguinte acordo, en virtude do cal se aprobou o modificado número 2 do citado contrato baseado, para incluír dúas novas subministracións no mesmo:

“Aprobar, en virtude da solicitude realizada pola Sección de Patrimonio con data 11 de febreiro de 2021 (EXPED2021/XEN_01/000356) e do informe do responsable do contrato, a modificación número 2 do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), cun incremento do prezo de adxudicación de 6.000,00 €, aos que haberá que engadir 1.260,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 7.260,00 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

Os datos técnicos das dúas subministracións procedentes do SUPLUSA a incluír no contrato baseado descrito no parágrafo anterior son os seguintes:

SUBMINISTRACIÓN-CUPS	DIRECCIÓN	POTENCIA	TARIFA	EMPRESA QUE ESTÁ PRESTANDO ACTUALMENTE A SUBMINISTRACIÓN
TALLER DA PEDRA DE BEGONTE-ES0033770060787001HFOF	LUG MARCO (CARRAL) POL IND 27372 BEGONTE-LUGO	P1=P2=P3= 20 kW	3. 1A	Gas Natural Comercializadora S.A. CIF: A61797536 Nº CONTRATO: 01421504001123
RESIDENCIA RIBAS DE SIL ES0022000009074688VW	RÚA ANTONIO PEDROSA 38 SAN CLODIO 27310 RIBAS DE SIL.	P1=P2=P3= 15,001	3.0A	Iberdrola Clientes S.A.U. CIF: A-95758389 Nº CONTRATO: 625202030

O importe da modificación número 2 a realizar detallado por puntos de subministración, resúmese na seguinte táboa:

SUBMINISTRACIÓN-CUPS	IMPORTE TOTAL SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)
TALLER PIEDRA DE BEGONTE ES0033770060787001HFOF	3.500,00 €	735,00 €	4.235,00 €
RESIDENCIA RIBAS DE SIL ES0022000009074688VW	2.500,00 €	525,00 €	3.025,00 €
TOTAL	6.000,00 €	1.260,00 €	7.260,00 €

O importe do gasto para estas dúas subministracións foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando



limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

A data estimada prevista para o inicio das dúas subministracións a través do contrato baseado de referencia é o 15 de marzo DE 2021, data que poderá variar en función dos traballos tanto técnicos coma administrativos que é preciso realizar.

Adxudicar este modificado número 2 á empresa adxudicataria do contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A., con NIF A61797536, que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 456.288,61 €, aos que haberá que engadir 95.820,61 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 552.109,22 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 1,34 % sobre o prezo inicial do contrato baseado, que sumado ao anterior incremento realizado que era dun 0,45 %, fai que as modificacións totais do contrato supoñan un incremento dun 1,79 % sobre o prezo inicial do contrato.

A adxudicataria ademais deberá ter en conta que na cláusula 21.3 do mencionado PCA se indica que estes dous novos puntos de subministración ordinarios pasará a formar parte do contrato baseado cos prezos e contidos que nel se establecen.

Os prezos unitarios ofertados pola adxudicataria e que rexerán nestas novas subministracións incluídas no modificado número 2, resúmense na seguinte táboa:

PREZO UNITARIO OFERTADO POLO ADXUDICATARIO OFERTA GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. TEi (€/kWh)						
Tipo Tarifa	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	0,1049					
2.0DHA	0,1245	0,0540				
2.0DHS	0,1251	0,0596	0,0464			
2.1A	0,1182					
2.1DHA	0,1371	0,0650				
2.1DHS	0,1376	0,0745	0,0521			
<u>3.0A</u>	<u>0,0868</u>	<u>0,0741</u>	<u>0,0537</u>			
2.0DHA AP	0,1245	0,0540				
2.1DHA AP	0,1371	0,0650				
3.0A AP	0,0868	0,0741	0,0537			
<u>3.1 A</u>	<u>0,0756</u>	<u>0,0691</u>	<u>0,0527</u>			
6.1	0,0921	0,0804	0,0646	0,0571	0,0552	0,0482

O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación, sendo este de un ano, contado a partir do 26 de xuño do 2020, data na que se entende practicada a notificación da adxudicación do contrato baseado.

A formalización do modificado número 2 realizarase conforme co disposto no artigo 153 da LCSP e será publicado de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 da LCSP.”

Quinto. A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 30 de abril do 2021, adoptou o seguinte acordo, en virtude do cal se aprobou a interpretación do criterio recollido nos pregos relativo á data de inicio da presente contratación, segundo o cal a data de inicio do contrato é a data de inicio da prestación da subministración e non a data de notificación da adxudicación do contrato baseado.

“Aprobar de acordo coas novas instrucións da FEMP a interpretación do criterio recollido nos pregos relativo á data de inicio das seguintes contratacións:

...

2) Contratación da subministración de enerxía eléctrica para a Deputación de Lugo, a través do acordo marco da central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión-Núm. de expediente 2020/CON_01/000013.

Data de inicio: 27 de xullo de 2020-Data de inicio da prestación da subministración.

Data de fin: 26 de xullo de 2021

Este novo criterio afecta todos os documentos que se inclúen en ambos expedientes nos que se faga mención da duración dos contratos (actas, certificacións...). En particular cabe resaltar os seguintes documentos:

Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión-núm. de expediente 2020/CON_01/000013:

Acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de xuño de dous mil vinte, onde se aproba o seguinte asunto: Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da subministración de enerxía eléctrica para a Deputación de Lugo, a través do acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión.

Acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte de novembro de dous mil vinte onde se aproba o seguinte asunto: Proposta de modificación,



se procede, do contrato baseado para a subministración de enerxía eléctrica para a Deputación de Lugo a través do acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión.

Acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de febreiro de dous mil vinte e un, onde se aproba o seguinte asunto: Proposta de modificación número 2, se procede, do contrato baseado para a subministración de enerxía eléctrica para a Deputación de Lugo a través do acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión.

Acta de inicio do contrato baseado de electricidade asinada o 09 de xullo de 2021.

Preaviso de prórroga do contrato baseado de electricidade asinado o 11 de marzo de 2021.

Notificar o acordo adoptado ás empresas adxudicatarias conforme ao previsto na LCSP.”

Sexto. A Presidencia da Deputación de Lugo, con data 24 de Xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución, en virtude da cal se prorrogaba por un ano a contratación da subministración de enerxía eléctrica para a Deputación de Lugo a través do acordo marco da central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013). Nese mesmo acordo tamén se aproban os prezos revisados, que serán os que se aplicarán durante a prórroga.

“1. Prorrogar o Contrato Baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do acordo marco da Central de Contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión-NÚM. de expediente EXP2020/CON_01/000013, a favor da adxudicataria Gas Natural Comercializadora, S.A con NIF A61797536, nos seguintes termos:

A prórroga terá unha duración de un ano, mantendo inalteradas, durante a prórroga, as condicións e obrigas contractuais tal e como se establece no PCA, a excepción da revisión de prezos prevista no mesmo.

Con respecto á subministración Eventual do Mercado de Nadal, en virtude do e-mail enviado polo CENTRAD o 13 de abril de 2021, as datas nas cales se prestará esta subministración eventual serán dende o día 13 de decembro de 2021 ata o 7 de xaneiro de 2022 (ambos incluídos).

O importe da prórroga ascende á cantidade de 456.288,61 €, aos que haberá que engadir 95.820,61 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 552.109,22 € (IVE engadido), de acordo co seguinte detalle:

SUBMINISTRACIÓN	IMPORTE TOTAL (IVE INCLUIDO)	IMPORTE ANUALIDADE 2021 (IVE INCLUIDO)	IMPORTE ANUALIDADE 2022 (IVE INCLUIDO)
ES0022000007659481BP1P CLUB NÁUTICO BELESAR PRESA	696,76 €	348,38 €	348,38 €
ES0033770095770001MF0F APIARIO GRANJA (COLMENAR)	750 €	375 €	375 €
ES0033770091375002WD0F ESCUELA DE PIRAGÜISMO	6.913,70 €	3.456,85 €	3.456,85 €
ES0022000007969343MZ1P CLUB NÁUTICO PORTOMARÍN	2.832,88 €	1.416,44 €	1.416,44 €
ES0033770593651001AF0F ALUMBRADO PÚBLICO PENOUÇOS	262,76 €	131,38 €	131,38 €
ES0033770548328001DW0F ESCOLA TALLER VILANOVA	204,60 €	102,30 €	102,30 €
ES0033770594094001JG1P ALUMBRADO PÚBLICO CHANCA	222,78 €	111,39 €	111,39 €
ES0022000007915396YW1P CLUB NÁUTICO BELESAR PUEBLO	4.142,50 €	2.071,25 €	2.071,25 €
ES0033770065431001ZP0F MUSEO DEL MAR	11.327,64 €	5.663,82 €	5.663,82 €
ES0033770085658001KA0F ALUMBRADO PÚBLICO FERVEDOIRA	806,14 €	403,07 €	403,07 €
ES0022000004984646WG1P MUSEO SAN PAIO DE NARLA	17.816,28 €	8.908,14 €	8.908,14 €
ES0022000004899957TR1P MUSEO PAZO DE TOR	4.903,90 €	2.451,95 €	2.451,95 €
ES0033770092789001RZ0F ANTIGÜO HOTEL MIÑO. TOLDA	8.745,90 €	4.372,95 €	4.372,95 €
ES0033770082626001PR0F PARQUE MÓVIL	18.235,58 €	9.117,79 €	9.117,79 €
ES0033770084995001ZR0F CENTRAD	13.211,30 €	6.605,65 €	6.605,65 €
ES0033770588633001FD0F MUSEO DE LA CESTERÍA	3.078,02 €	1.539,01 €	1.539,01 €
ES0033770068343001PR0F ESTACIÓN BOMBEO	3.800 €	1.900 €	1.900 €
ES0033770063721002WJ0F CRUZ ROJA-FUDACE	29.391,98 €	14.695,99 €	14.695,99 €
ES0033770092271013CD0F DEPENDENCIAS PLAZA DE SANTO DOMINGO	4.332,44 €	2.166,22 €	2.166,22 €
ES0033770093012001ZY0F SERVICIO DE RECAUDACIÓN	13.995,10 €	6.997,55 €	6.997,55 €
ES0033770092634001RB0F MUSEO PROVINCIAL	41.169,88 €	20.584,94 €	20.584,94 €
ES0022000008388536SD1P ESCUELA DE CAZA Y PESCA TOR	2.833,12 €	1.416,56 €	1.416,56 €
ES0033620000028907KZ0F RESIDENCIA DE POL	17.570,28 €	8.785,14 €	8.785,14 €
ES0033620000022982VT0F RESIDENCIA DE TRABADA	20.067,10 €	10.033,55 €	10.033,55 €
ES0033620000022372JB0F RESIDENCIA DE A FONSA GRADA	12.000 €	6.000 €	6.000 €
ES0022000009092527XQ1P RESIDENCIA DE CASTROVERDE	17.570,28 €	8.785,14 €	8.785,14 €
ES0022000009049519AH1P RESIDENCIA DE PEDRA FITA	17.570,28 €	8.785,14 €	8.785,14 €
ES0022000007670638JX1P CLUB NÁUTICO AUGAS MESTAS	4.690,66 €	2.345,33 €	2.345,33 €
ES0022000007983705DR1P CLUB NÁUTICO DOADE	4.210,68 €	2.105,34 €	2.105,34 €
ES0033770519015001YL0F CENTRO DE INTERPRETACIÓN TERRAS DO MIÑO	11.697,06 €	5.848,53 €	5.848,53 €
ES0022000008881399PM1P MAZO DE SANTA COMBA	16.006,88 €	8.003,44 €	8.003,44 €
ES0033770092263001VR0F ESCOLA DE IMAXE E SON	34.301,02 €	17.150,51 €	17.150,51 €
ES003362000009027PY0F GRANJA (CENTRO DE RECRÍA)	75.000,00 €	37.500,00 €	37.500,00 €
ES0033770091779001HJ0F PALACIO PROVINCIAL SAN MARCOS	54.903,96 €	27.451,98 €	27.451,98 €
ES0033770082361001DF0F PAZO DOS DEPORTES	53.535,44 €	26.767,72 €	26.767,72 €
ES0033770088830001AG0F HOGAR DE SANTA MARÍA	13.632,32 €	6.816,16 €	6.816,16 €
PDTE ASIGNACIÓN CUPS MERCADO DE NADAL	2.420,00 €	1.855,00 €	565,00 €
ES0033770060787001HF0F TALLER DA PEDRA DE BEGONTE	4.235,00 €	2.117,50 €	2.117,50 €
ES0022000009074688VW RESIDENCIA RIBAS DE SIL	3.025,00 €	1.512,50 €	1.512,50 €
TOTAL	552.109,22 €	276.699,61 €	275.409,61 €



O Orzamento Base de Licitación da presente contratación, foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

A relación de puntos de subministración que forman parte do mencionado contrato baseado, recóllense na seguinte táboa:

Número de CUPS e Dependencia	Dirección da subministración	Tarifa de orixen	Tarifa de destino
ES0022000007659481BP1P CLUB NÁUTICO BELESAR PRESA	LG DE FONTEFIZ, PRESA DE BELESAR, CHANTADA (LUGO)	2.0A	2.0TD
ES0033770095770001MF0F APIARIO GRANJA (COLMENAR)	LG. DE COTILLÓN, TEIXEIRO, 27289, LUGO.	2.0A	2.0TD
ES0033770091375002WD0F ESCUELA DE PIRAGÜISMO	LUGAR DE SAAMASAS, S/N, 27004, LUGO	2.0A	2.0TD
ES0022000007969343MZ1P CLUB NÁUTICO PORTOMARÍN	LG. DE SAN ROQUE, 27170, PORTOMARÍN	2.0A	2.0TD
ES0033770593651001AF0F ALUMBRADO PÚBLICO PENOUÇOS	BARRIO PENOUÇOS. LUGO	2.0A	2.0TD
ES0033770548328001DW0F ESCOLA TALLER VILANOVA	LG DE VILANOVA, BÓVEDA DE MERA SANTAL. LUGO	2.0A	2.0TD
ES0033770594094001JG1P ALUMBRADO PÚBLICO CHANCA	CHANCA, SN, LUGO	2.0DHA	2.0TD
ES0022000007915396YW1P CLUB NÁUTICO BELESAR PUEBLO	BELESAR, O SAVIÑAO	2.1A	2.0TD
ES0033770065431001ZP0F MUSEO DEL MAR	AVDA. DA MARIÑA, S/N, 27890, SAN CIBRAO, CERVO	2.1A	2.0TD
ES0033770085658001KA0F ALUMBRADO PÚBLICO FERVEDOIRA	FERVEDOIRA. LUGO	2.1A	2.0TD
ES0022000004984646WG1P MUSEO SAN PAO DE NARLA	LUGAR DE A CASTRONELA, S/N, 27227, XIA-FRIOL	3.0A	3.0TD
ES002200000489957TRIP MUSEO PAZO DE TOR	SAN XOAN DE TOR, S/N, 27591, MONFORTE DE LEMOS	3.0A	3.0TD
ES0033770092789001RZ0F ANTIGÜO HOTEL MIÑO. TOLDA	TOLDA DE CASTELA, Nº4, 27002, LUGO	3.0A	3.0TD
ES0033770082626001PR0F PARQUE MÓVIL	RUA DO ARCO, N.º 15, 27001	3.0A	3.0TD
ES0033770084995001ZR0F CENTRAD	Chantada, s/n (Travesía) – 27004. Lugo	3.0A	3.0TD
ES0033770588633001FD0F MUSEO DE LA CESTERÍA	PASEO DO RIO RATO, NÚM 25-29, SAN FIZ DE MUXA, 27169, LUGO	3.0A	3.0TD
ES0033770068343001PR0F ESTACIÓN BOMBEO	CL ESCANABADA, 27377, XUSTAS (COSPEITO)	3.0A	3.0TD
ES0033770063721002WJ0F CRUZ ROJA-FUDACE	AVDA. TERRA CHA, S/N, 27260 CASTRO RIBERAS DE LEA	3.0A	3.0TD
ES0033770092271013CD0F DEPENDENCIAS PLAZA DE SANTO DOMINGO	PRAZA DE SANTO DOMINGO, Nº6-8, 27001, LUGO	3.0A	3.0TD
ES0033770093012001ZY0F SERVICIO DE RECAUDACIÓN	RUA TUI, Nº5, 27004, LUGO	3.0A	3.0TD
ES0033770092634001RB0F MUSEO PROVINCIAL	PRAZA DA SOIDADE, Nº 7, 27001, LUGO	3.0A	3.0TD
ES0022000008388536SD1P ESCUELA DE CAZA Y PESCA TOR	SAN XOAN DE TOR, S/N, 27591, MONFORTE DE LEMOS	3.0A	3.0TD
ES0033620000028907KZ0F RESIDENCIA DE POL	LEIRO DE RIELO, 27270, POL	3.0A	3.0TD
ES0033620000022982VT0F RESIDENCIA DE TRABADA	RUA CELSO CURRAS LÓPEZ, 11, 27765, TRABADA	3.0A	3.0TD
ES0033620000022372JB0F RESIDENCIA DE A FONSAGRADA	RUA PARQUE, 11, 27100, A FONSAGRADA	3.0A	3.0TD
ES0022000009092527XQ1P RESIDENCIA DE CASTROVERDE	RÚA ALCALDE XETAS Nº 11, 27120 CASTROVERDE	3.0A	3.0TD
ES0022000009049519AHIP RESIDENCIA DE PEDRAFITA	AVENIDA DE CASTILLA Nº 20, 27670, PEDRAFITA DO CEBREIRO	3.0A	3.0TD

Número de CUPS e Dependencia	Dirección da subministración	Tarifa de orixen	Tarifa de destino
ES0022000007670638JX1P CLUB NÁUTICO AUGAS MESTAS	LG ALDEA COVAS, 27391, AUGASMESTAS-QUIROGA	3.1A	6.1TD
ES0022000007983705DR1P CLUB NÁUTICO DOADE	CARRETERA LU-903, S/N, MONFORTE DE LEMOS	3.1A	6.1TD
ES0033770519015001YLOF CENTRO DE INTERPRETACIÓN TERRAS DO MIÑO	PASEO DO RIO RATO, SAN FIZ DE MUXA, 27002, LUGO	3.1A	6.1TD
ES0022000008881399PM1P MAZO DE SANTA COMBA	SANTA COMBA, S/N, 27002, NADELA, LUGO	3.1A	6.1TD
ES0033770092263001VR0F ESCOLA DE IMAXE E SON	RUA FRAI PLACIDO REI LEMOS, S/N, 27004, LUGO	3.1A	6.1TD
ES003362000009027PY0F GRANJA (CENTRO DE RECRÍA)	AVDA. TERRA CHA, S/N, 27260 CASTRO RIBERAS DE LEA	3.1A	6.1TD
ES0033770091779001HJ0F PALACIO PROVINCIAL SAN MARCOS	PLAZA DE SAN MARCOS, Nº 8, 27001, LUGO	3.1A	6.1TD
ES0033770082361001DFOF PAZO DOS DEPORTES	AVDA. FILARMÓNICA LUCENSE, S/N, 27002, LUGO	3.1A	6.1TD
ES0033770088830001AG0F HOGAR DE SANTA MARÍA	RONDA DA MURALLA, Nº141, 27004, LUGO	3.1A	6.1TD
PDTE ASIGNACIÓN CUPS MERCADO DE NADAL	Praza de San Marcos 27001 LUGO	3.0A	3.0TD
ES0033770060787001HFOF TALLER DA PEDRA DE BEGONTE	LUG MARCO (CARRAL) POL IND 27372 BEGONTE-LUGO	3.1A	6.1TD
ES0022000009074688VW RESIDENCIA RIBAS DE SIL	RÚA ANTONIO PEDROSA 38 SAN CLODIO 27310 RIBAS DE SIL.	3.0A	3.0TD

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 as cantidades indicadas, na aplicación correspondente.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Aprobar a revisión de prezos presentada pola empresa adxudicataria, sendo o importe dos prezos revisados a aplicar o seguinte:

PREZO REVISADO

LOTE 1	TE1 (€/kWh)	TE2 (€/kWh)	TE3 (€/kWh)	TE4 (€/kWh)	TE5 (€/kWh)	TE6 (€/kWh)
2.0A	0,1179	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000
2.0DHA	0,1375	0,0665	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000
2.0DHS	0,1381	0,0726	0,0588	0,0000	0,0000	0,0000
2.1A	0,1312	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000
2.1DHA	0,1501	0,0775	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000
2.1DHS	0,1506	0,0875	0,0645	0,0000	0,0000	0,0000
3.0A	0,0998	0,0871	0,0665	0,0000	0,0000	0,0000
AP2.0DHA	0,1375	0,0665	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000
AP2.1DHA	0,1312	0,0125	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000
AP3.0A	0,0998	0,0871	0,0665	0,0000	0,0000	0,0000
3.1A	0,0873	0,0809	0,0644	0,0000	0,0000	0,0000
6.1	0,1039	0,0923	0,0763	0,0689	0,0668	0,0600



ANEXO: PREZOS BAIXO CIRCULAR 3/2020

Precios Bajo Circular 3/2020 Conversión pactada con FEMP							
Tarifa Origen	Tarifa Destino	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	2.0TD	0,2102	0,1136	0,0698			
2.0DHA	2.0TD	0,2095	0,1124	0,0686			
2.0DHS	2.0TD	0,2097	0,1123	0,0686			
2.1A	2.0TD	0,2102	0,1136	0,0698			
2.1DHA	2.0TD	0,2096	0,1125	0,0686			
2.1DHS	2.0TD	0,2097	0,1122	0,0686			
3.0A	3.0TD	0,1596	0,1355	0,0998	0,0878	0,0770	0,0679
AP2.0DHA	2.0TD	0,2095	0,1124	0,0686			
AP2.1DHA	2.0TD	0,2096	0,1125	0,0686			
AP3.0A	3.0TD	0,1596	0,1355	0,0998	0,0878	0,0770	0,0679
3.1A	6.1TD	0,1238	0,1069	0,0827	0,0755	0,0667	0,0606
6.1A	6.1TD	0,1240	0,1076	0,0837	0,0739	0,0635	0,0606

VARIACIONES APLICABLES POR TARIFA E TRAMO HORARIO AO PREZO OFERTADO INICIALMENTE (SEGUNDO ACUMULADO DAS REVISIÓNS TRIMESTRAIS APICADAS NO ACORDO MARCO)

Lote 1							
2.0A	0,0130						
2.0DHA	0,0130	0,0125					
2.0DHS	0,0130	0,0130	0,0124				
2.1A	0,0130						
2.1DHA	0,0130	0,0125					
2.1DHS	0,0130	0,0130	0,0124				
3.0A	0,0130	0,0130	0,0128				
AP2.0DHA	0,0130	0,0125					
AP2.1DHA	0,0130	0,0125					
AP3.0A	0,0130	0,0130	0,0128				
3.1A	0,0117	0,0118	0,0117				
6.1	0,0118	0,0119	0,0117	0,0118	0,0116	0,0118	

Notificar a prórroga do contrato baseado á empresa adxudicataria conforme ao previsto na LCSP e a través da plataforma informática da Central de Contratación da FEMP.”

Sétimo. A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 16 de Xullo do 2021, adoptou o seguinte acordo, en virtude do cal se aprobou o modificado número 3 do citado contrato baseado, para incluír unha subministración no mesmo:

“Aprobar, en virtude da solicitude realizada polo servizo de Benestar Social e do informe do responsable do contrato, a modificación número 3 do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión

(EXP2020/CON_01/000013), cun incremento do prezo de adxudicación de 14.520,89 €, aos que haberá que engadir 3.049,39 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 17.570,28 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación. Os datos técnicos da subministración a incluír no contrato baseado descrito no parágrafo anterior son os seguintes:

SUBMINISTRACIÓN	DIRECCIÓN	POTENCIA	TARIFA
RESIDENCIA DE MEIRA	Grupo Escolar 15-b, 27240 MEIRA	90,000 KW	3.0TD

O gasto estimado para esta subministración é o seguinte:

SUBMINISTRACIÓN	IMPORTE TOTAL SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)	ANUALIDADE 2021 (IVE ENGADIDO)	ANUALIDADE 2022 (IVE ENGADIDO)
RESIDENCIA DE MEIRA	14.520,89 €	3.049,39 €	17.570,28 €	8.785,14 €	8.785,14 €

O importe do gasto para esta subministración foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

A data estimada prevista para o inicio da subministración a través do contrato eléctrico da Deputación de Lugo é o 27 de xullo DE 2021, data que poderá variar en función dos traballos tanto técnicos coma administrativos que é preciso realizar.

Adxudicar este modificado número 3 á empresa adxudicataria do contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A., con NIF A61797536, que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 470.809,50 €, aos que haberá que engadir 98.870,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 569.679,50 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 3,24 % sobre o prezo inicial do contrato baseado, que sumado aos dous anteriores incrementos realizados que eran dun 1,79 %, fai que as modificacións totais do contrato supoñan un incremento dun 5,03 % sobre o prezo inicial do contrato.



A adxudicataria ademais deberá ter en conta que na cláusula 21.3 do mencionado PCA se indica que este novo punto de subministración ordinario pasará a formar parte do contrato baseado cos prezos e contidos que nel se establecen.

En virtude da resolución da Presidencia do 24 de Xuño de 2021 os prezos unitarios que rexerán nesta nova subministración incluída no modificado número 3, resúmense na seguinte táboa:

PREZO UNITARIO OFERTADO POLO ADXUDICATARIO
OFERTA GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. TEi (€/kWh)

Precios Bajo Circular 3/2020 Conversión pactada con FEMP							
Tarifa Origen	Tarifa Destino	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	2.0TD	0,2102	0,1136	0,0698			
2.0DHA	2.0TD	0,2095	0,1124	0,0686			
2.0DHS	2.0TD	0,2097	0,1123	0,0686			
2.1A	2.0TD	0,2102	0,1136	0,0698			
2.1DHA	2.0TD	0,2096	0,1125	0,0686			
2.1DHS	2.0TD	0,2097	0,1122	0,0686			
3.0A	3.0TD	0,1596	0,1355	0,0998	0,0878	0,0770	0,0679
AP2.0DHA	2.0TD	0,2095	0,1124	0,0686			
AP2.1DHA	2.0TD	0,2096	0,1125	0,0686			
AP3.0A	3.0TD	0,1596	0,1355	0,0998	0,0878	0,0770	0,0679
3.1A	6.1TD	0,1238	0,1069	0,0827	0,0755	0,0667	0,0606
6.1A	6.1TD	0,1240	0,1076	0,0837	0,0739	0,0635	0,0606

O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación. O prazo inicial era dun ano, contado a partir do 26 de Xullo de 2020, prazo que foi prorrogado por un ano máis en virtude da resolución de Presidencia do 24 de Xuño de 2021.

O gasto financiarase con cargo as anualidades 2021 e 2022, para a anualidade 2021 figura crédito dispoñible suficiente, e para a anualidade 2022 a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento de 2022 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE
2021	2315.22100	8.785,14
2022	2315.22100	8.785,14
TOTAL		17.570,28

A formalización do modificado número 3 realizarase conforme co disposto no artigo 153 da LCSP e será publicado de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 da LCSP.”

Oitavo. En relación á subministración obxecto do presente informe, a Residencia de Becerreá:

Con data 07 de outubro de 2021 na sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía recibimos o seguinte email procedente do Servizo de Arquitectura:

“Buenos días,

El próximo día 18 de octubre, se procederá a la recepción de la obra de construcción del Centro de Día y Residencial Comarcal en Becerreá.

La empresa constructora, COPCISA, nos propone a nuestra elección, que en fechas posteriores a la recepción, o bien dar de baja el servicio de suministro eléctrico de obra, o bien tramitar un cambio de titularidad para poner el suministro a nombre de la Diputación.

Para hacer una acometida definitiva, la distribuidora ha puesto como condición la instalación de un nuevo Centro de Seccionamiento y Centro de Transformación Y la tramitación del expediente de contratación para ejecutar estas instalaciones esta en una fase inicial, por tanto es probable que este proceso se prolongue varios meses.

Por favor indicadnos que instrucciones le damos a la empresa, o si preferís contactar vosotros directamente con ella.

Saludos y gracias”

Polo tanto, e en virtude da referenciada solicitude se inician os trámites para proceder a realizar a prestación de dita subministración a través do contrato eléctrico da Deputación de Lugo.

Consideracións xurídicas:



Primeira.- A D.T 1ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, di:

“1. Os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta Lei rexeranse pola normativa anterior. A estes efectos entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se publicou a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. No caso de procedementos negociados sen publicidade, para determinar o momento de iniciación tomarase en conta a data de aprobación dos pregos.

2. Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.”

En consecuencia cabe interpretar que á presente adxudicación resulta de aplicación a Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, ao adxudicarse o contrato baseado estando vixente esta norma.

Segunda. A adxudicación do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en Alta e Baixa Tensión (EXP2020/CON_01/000013), realizouse conforme ao disposto no Acordo Marco para a subministración de enerxía eléctrica e aos pregos de cláusulas administrativas particulares (en diante PCA) e de prescricións técnicas (en diante PPT) de dito Acordo Marco, que rexeron a súa licitación, tras a adhesión á Central de Contratación por parte da Deputación de Lugo na sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Lugo celebrado o 26 de novembro de 2019.

A execución e resolución do contrato baseado supeditase ao disposto no Acordo Marco para a prestación da subministración de enerxía eléctrica da Central de Contratación e nos PCA e PPT que rexeron a licitación deste Acordo Marco, así como ao disposto pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP) e, en canto non se opoña, ao disposto polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Supletoriamente aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime

Xurídico do Sector Público e demais normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado. Así mesmo, será de aplicación ao Acordo Marco e aos Contratos baseados no mesmo, a normativa sectorial vixente en cada momento.

Terceira.- Por Resolución de Presidencia de data 13-05-2021 se nomeou a Jose Antonio Arias Lombardero Xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá como responsable (Titular) de este contrato.

O Xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá, Jose Antonio Arias Lombardero, coa conformidade do Deputado de Promoción Económica e Social, mediante informe que obra no expediente, solicita que se realicen os trámites oportunos para aprobar a modificación número 4 do contrato baseado sinalado por importe de 14.520,89 €, aos que haberá que engadir 3.049,39 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 17.570,28 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación. En dito documento, infórmase favorablemente a adxudicación do modificado número 4 en favor da empresa adxudicataria do contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A, con NIF A61797536, de acordo cos seguintes extremos:

O obxecto da modificación a realizar, en base ás peticións realizadas polo Servizo de Arquitectura que obra no expediente, é incluír unha nova subministración no contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), a cal ten os seguintes datos técnicos:

SUBMINISTRACIÓN E CUPS	DIRECCIÓN	POTENCIA	TARIFA
RESIDENCIA DE BECERREÁ CUPS: ES0022000001047552JG1P	ANCARES, 3 IN DU ST - LUGO, BECERREA (27640)	P1: 43,64KW P2: 43,64KW P3: 43,64KW P4: 43,64KW P5: 43,64KW P6: 43,64KW	3.0TD

O prezo do contrato baseado tras a modificación a realizar, sería de 485.330,39 €, aos que haberá que engadir 101.919,39 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 587.249,78 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 3,24 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído). Como xa se indicou anteriormente, en virtude do acordo da Xunta de Goberno do 20 de novembro de 2020 neste contrato xa se fixo unha modificación previa (modificación número



1), que supoñía un incremento dun 0,45 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído), en virtude do acordo da Xunta de Goberno do 26 de febreiro de 2021 se fixo outra modificación previa (modificación número 2), que supoñía un incremento dun 1,34 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído) e en virtude do acordo da Xunta de Goberno do 16 de xullo de 2021 se fixo outra modificación previa (modificación número 3), que supoñía un incremento dun 3,24 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído).

A suma das catro modificacións da un incremento dun 8,27 % sobre o prezo inicial do contrato (IVE excluído), non superando por tanto a suma das tres modificacións xa realizadas e esta o 20% do seu prezo inicial (IVE excluído).

A data estimada prevista para o inicio da subministración a través do contrato eléctrico da Deputación de Lugo é o 01 de decembro de 2021, data que poderá variar en función dos traballos tanto técnicos coma administrativos que é preciso realizar.

O importe da modificación número 4 a realizar resúmese na seguinte táboa:

SUBMINISTRACIÓN E CUPS	IMPORTE TOTAL SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)
RESIDENCIA DE BECERREA CUPS: ES0022000001047552JG1P	14.520,89 €	3.049,39 €	17.570,28 €

O importe do gasto para esta subministración foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

A adxudicataria ademais deberá ter en conta que na cláusula 21.3 do mencionado PCA se indica que este novo punto de subministración ordinario pasará a formar parte do contrato baseado cos prezos e contidos que nel se establecen.

En virtude da resolución da Presidencia do 24 de Xuño de 2021 os prezos unitarios que rexerán nesta nova subministración incluída no modificado número 4, resúmense na seguinte táboa:

PREZO UNITARIO OFERTADO POLO ADXUDICATARIO
OFERTA GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. TEi (€/kWh)

Precios Bajo Circular 3/2020 Conversión pactada con FEMP							
Tarifa Origen	Tarifa Destino	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	2.0TD	0,2102	0,1136	0,0698			
2.0DHA	2.0TD	0,2095	0,1124	0,0686			
2.0DHS	2.0TD	0,2097	0,1123	0,0686			
2.1A	2.0TD	0,2102	0,1136	0,0698			
2.1DHA	2.0TD	0,2096	0,1125	0,0686			
2.1DHS	2.0TD	0,2097	0,1122	0,0686			
3.0A	3.0TD	0,1596	0,1355	0,0998	0,0878	0,0770	0,0679
AP2.0DHA	2.0TD	0,2095	0,1124	0,0686			
AP2.1DHA	2.0TD	0,2096	0,1125	0,0686			
AP3.0A	3.0TD	0,1596	0,1355	0,0998	0,0878	0,0770	0,0679
3.1A	6.1TD	0,1238	0,1069	0,0827	0,0755	0,0667	0,0606
6.1A	6.1TD	0,1240	0,1076	0,0837	0,0739	0,0635	0,0606

O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación. O prazo inicial era dun ano, contado a partir do 26 de Xullo de 2020, prazo que foi prorrogado por un ano máis en virtude da resolución de Presidencia do 24 de Xuño de 2021.

Cuarta.- No que respecta ao procedemento a seguir para proceder á modificación número 4 do contrato baseado e incluír a nova subministración descrita na consideración anterior, compre acudir ao sinalado ao respecto tanto no PCA do Acordo Marco como na LCSP:

A Cláusula 23 do PCA do Acordo Marco (prerrogativas dos entes locais, réxime de invalidez, réxime de recursos e xurisdición competente), punto 1 (Prerrogativas da Administración), establece que “O Órgano de contratación de cada Entidade Local terá a prerrogativa de interpretar os Contratos baseados, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta en virtude do artigo 190 e seguintes da LCSP”.



Por outra banda, a cláusula 21.3 do mencionado PCA (Execución e cumprimento dos contratos baseados) sinala textualmente: “El Contratista estará obligado a suministrar electricidad a aquellos nuevos puntos de suministro ordinarios (no eventuales o de temporada) no incluidos en el Documento de Invitación que sean solicitados por las Entidades Locales siempre que supongan, como máximo, un incremento del 20% respecto del precio que representasen los puntos de suministro incluidos en el Documento de Invitación, ajustándose a lo dispuesto en el art 204.1 de la LCSP. Estos nuevos puntos de suministro pasarán a formar parte del Contrato basado con los precios y contenidos que en él se establecen. A estos efectos será necesario que la Entidad Local incorpore al expediente generado en la Plataforma de Contratación de la FEMP la comunicación que ésta realice a la adjudicataria del Contrato basado en la que se solicite esta ampliación de puntos de suministro, con expresa indicación de lo que ésta supone sobre lo ya contratado.”

Respecto desta cuestión, no informe do Responsable do Contrato no que se solicita o modificado número 4, indícase expresamente;

“Sinalar a este respecto que a subministración que se pretenden introducir no contrato, non estaba prevista no documento de invitación enviado as empresas adxudicatarias do Acordo Marco, posto que naquel momento aínda non había unha previsión sobre cando sería o inicio da mesma, pois aínda se descoñecía a data na cal se finalizaría a construción da residencia”.

Pola súa banda, o artigo 190 da LCSP exprésase en termos similares ao sinalar que “Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público”

A continuación, no artigo 191.1 da LCSP establécese que “Nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos ás prerrogativas establecidas no artigo anterior, deberá darse audiencia ao contratista”. A este respecto, indicar que, a pesar de estar prevista no PCA á modificación do contrato baseado para incluír altas ordinarias, obra no expediente documento de conformidade co inicio do expediente de modificación do presente contrato baseado nos termos indicados na consideración terceira, asinado pola adxudicataria de dito contrato

baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A., en virtude do cal, entendese cumprido o trámite de audiencia ao contratista ao que se refire o artigo 191.1 da LCSP.

Ao ser esta unha modificación dun contrato baseado nun acordo marco, resulta tamén de aplicación o previsto no Artigo 222 da LCSP, relativo á Modificación dos Acordos Marco marco e dos Contratos Baseados nun Acordo Marco, que no seu apartado primeiro sinala o seguinte:

“Os acordos marco e os contratos baseados poderán ser modificados de acordo coas regras xerais de modificación dos contratos. En todo caso, non se poderán introducir por contrato baseado modificacións substanciais respecto do establecido no acordo marco.

Os prezos unitarios resultantes da modificación do acordo marco non poderán superar nun 20 por cento aos prezos anteriores á modificación e en ningún caso poderán ser prezos superiores aos que as empresas parte do acordo marco ofrezan no mercado para os mesmos produtos.”

A este respecto no informe asinado polo Responsable do contrato baseado establécese o seguinte:

“En relación a primeira cuestión indicar que a modificación do contrato baseado que se pretende realizar para introducir a subministración descrita na consideración terceira do presente informe, non supón unha modificación substancial respecto do establecido no Acordo Marco. Trátase dunha nova subministración, que será realizada nas mesmas condicións que as que forman parte da contratación, respectando o indicado nos Pregos Reitores do mesmo.

No que respecta a segunda das cuestións sinaladas no artigo 221.1 da LCSP, procede indicar que os prezos unitarios que se aplicarán na subministración que resulten da modificación do contrato baseado, serán os aprobados por Resolución da Presidencia do 24 de Xuño de 2021 (tarifa 3.0TD) e que polo tanto tamén se cumpre co indicado neste punto.

Á vista do exposto cúmprese o sinalado no artigo 222 da LCSP.

Quinta.-As regras xerais de modificación dos contratos regúlanse nos artigos 203 e seguintes da LCSP.

Respecto da potestade de modificación do contrato, o apartado 1 do artigo 203 da LCSP sinala que “os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos nesta Subsección, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207.” Pola súa banda o apartado segundo do mencionado artigo 203 dispón que “os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;

b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumplan as condicións que establece o artigo 205.”

Respecto da primeira cuestión sinalar que de acordo coa Circular remitida pola Sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía a todos os servizos da entidade provincial con data 24 de xullo do 2020 e en base ao exposto na petición realizada polo Servizo de Arquitectura, motívase a concorrencia de interese público na modificación número 4 do contrato baseado que se pretende realizar pola necesidade de proporcionar subministración de enerxía eléctrica na Residencia de Becerreá para que así poida funcionar correctamente. Tal Residencia dependen da Deputación de Lugo, polo tanto, a subministración eléctrica da mesma deberá facerse a través do referenciado contrato eléctrico da Deputación de Lugo.

Indicar tamén que, tendo en conta que no PCA do Acordo Marco están previstas expresamente as modificacións dos contratos baseados nos termos que se establecen no artigo 204 da LCSP, para a modificación do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión, que se pretende realizar habería que acudir ao sinalado no artigo 204 da LCSP.

O Artigo 204 da LCSP, establece textualmente:

“1. Os contratos das Administracións Públicas poderán modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares se advertira expresamente desta posibilidade, na forma e co contido seguintes:

a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.

b) Así mesmo, no que respecta a o seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente: o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que poderá facerse uso da mesma por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva; e o procedemento que haxa de seguirse para realizar a modificación. A cláusula de modificación establecerá, así mesmo, que a modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

A formulación e contido da cláusula de modificación deberá ser tal que en todo caso permita aos candidatos e licitadores comprender o seu alcance exacto e interpretala da mesma forma e que, por outra banda, permita ao órgano de contratación comprobar efectivamente o cumprimento por parte dos primeiros das condicións de aptitude esixidas e valorar correctamente as ofertas presentadas por estes.

En ningún caso os órganos de contratación poderán prever no prego de cláusulas administrativas particulares modificacións que poidan alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que se altera esta se se substitúen as obras, as subministracións ou os servizos que se van a adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servizo puntual.”

No informe do Responsable do contrato baseado xustifícase o cumprimento dos requisitos do artigo 204 da LCSP nos seguintes termos:

“No que respecta á porcentaxe máxima de modificación indicada no apartado 1 do artigo 204 da LCSP, para calcular o incremento sobre o prezo inicial do contrato baseado que supón a modificación número 4 a realizar, hai que acudir ao seu prezo de adxudicación. O prezo de adxudicación do contrato baseado ascendeu a 542.429,22 euros. Este importe inclúe 94.140,61 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; cantidade que se engade aos 448.288,61 euros de base. Este último importe sen considerar o IVE, será o que se



tome como referencia aos efectos de calcular a porcentaxe de incremento que supón sobre o seu prezo inicial a modificación do contrato baseado que se pretende realizar.

Tamén debemos ter en conta que como xa se indicou anteriormente na Xunta de Goberno do 20 de Novembro do 2020 aprobouse unha primeira modificación do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), cun incremento do prezo de adxudicación de 2.000,00 €, aos que haberá que engadir 420,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 2.420,00 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación. Dita modificación supoñía un incremento dun 0,45 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído), non superando por tanto o 20 % do seu prezo inicial (IVE excluído).

Que na Xunta de Goberno do 26 de Febreiro de 2021 aprobouse unha segunda modificación do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013) cun incremento do prezo de adxudicación de 6.000,00 €, aos que haberá que engadir 1.260,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 7.260,00 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación. Dita modificación supoñía un incremento dun 1,34 % sobre o prezo inicial do contrato baseado.

E que na Xunta de Goberno do 16 de Xullo de 2021 aprobouse unha terceira modificación do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013) cun incremento do prezo de adxudicación de 14.520,89 €, aos que haberá que engadir 3.049,39 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 17.570,28 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación. Dita modificación supoñía un incremento dun 3,24 % sobre o prezo inicial do contrato baseado.

Polo tanto, e tendo en conta que o gasto que se estima para esta subministración é de 14.520,89 euros (IVE excluído), a modificación número 4 do contrato baseado que se pretende realizar supón un incremento dun 3,24% sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído). A suma das catro modificacións supón un incremento dun 8,27 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído), non superando por tanto a suma das tres modificacións xa realizadas e esta o 20 % do seu prezo inicial (IVE excluído).

Por outra banda, cúmprese tamén coa previsión sinalada nas letras a) e b) do apartado 1 do artigo 204 da LCSP, xa que como se indicou anteriormente a modificación está prevista na cláusula 21.3 PCA do Acordo Marco de forma clara, precisa e inequívoca.

Respecto do sinalado no apartado 2 do artigo 204 da LCSP, sinalar que a modificación número 4 que se pretende realizar non altera de ningún modo a natureza global do contrato inicial, que non é outra que a subministración de enerxía eléctrica na Deputación de Lugo. A finalidade da modificación do contrato baseado, responde á necesidade de realizar unha subministración ordinaria de enerxía eléctrica para a entidade provincial que non implica a substitución das subministracións que se realizan por outras diferentes e que como xa se indicou anteriormente na análise do artigo 222 da LCSP, está claramente incluída no obxecto do contrato.”

A vista do exposto enténdese xustificada a modificación número 4 do contrato baseado que se pretende realizar ao cumprir os requisitos esixidos polo artigo 204 da LCSP, aplicable neste suposto.

Para a realización da modificación número 4 que se pretende hai que ter en conta tamén, o previsto no artigo 207.1 da LCSP ónde se establece que “No caso previsto no artigo 204 as modificacións contractuais acordaranse na forma que se especificou nos pregos de cláusulas administrativas particulares”.

Sobre este particular no informe do Responsable do contrato mencionado sinálase que “A este respecto como xa se indicou, a cláusula 21.3 do PCA do Acordo Marco sinala a obrigatoriedade para a adxudicataria de subministrar electricidade nestes novos puntos de subministración ordinarios cando lle sexan solicitados, sempre que supoñan, como máximo, un incremento do 20%



respecto do prezo que representasen os puntos de subministración incluídos no Documento de Invitación. Pese a esta obrigatoriedade para a adxudicataria, obra no expediente documento de conformidade da adxudicataria coa modificación que se pretende realizar. Nese mesmo artigo tamén se indica a obrigatoriedade de que a Deputación de Lugo incorpore no expediente xerado na Plataforma de Contratación da FEMP a comunicación que realicemos á adxudicataria do Contrato Baseado. Nela figurará ademais da solicitude de ampliación dos puntos de subministración, a expresa indicación do que esta supón sobre o xa contratado...”. A vista do exposto enténdese tamén cumprido este extremo.

Indicar, ademais, que na modificación número 4 que se pretende realizar, non será preceptivo ditame do Consello de Estado ou Órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, en virtude do indicado no artigo 191.3 b) na LCSP “Las modificaciones de los contratos cuando no estuvieran previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares y su cuantía, aislada o conjuntamente, sea superior a un 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluido, y su precio sea igual o superior a 6.000.000 de euros”, posto que como xa se indicou, esta modificación está prevista no PCA do Acordo Marco.

Respecto das obrigas do adxudicatario sinalar que, o mesmo deberá estar ao disposto na cláusula 21.3 do PCA do acordo marco: (Execución e cumprimento dos contratos baseados) sinala textualmente: “El Contratista estará obligado a suministrar electricidad a aquellos nuevos puntos de suministro ordinarios (no eventuales o de temporada) no incluidos en el Documento de Invitación que sean solicitados por las Entidades Locales siempre que supongan, como máximo, un incremento del 20% respecto del precio que representasen los puntos de suministro incluidos en el Documento de Invitación, ajustándose a lo dispuesto en el art 204.1 de la LCSP. Estos nuevos puntos de suministro pasarán a formar parte del Contrato basado con los precios y contenidos que en él se establecen. A estos efectos será necesario que la Entidad Local incorpore al expediente generado en la Plataforma de Contratación de la FEMP la comunicación que ésta realice a la adjudicataria del Contrato basado en la que se solicite esta ampliación de puntos de suministro, con expresa indicación de lo que ésta supone sobre lo ya contratado.”

Por tratarse dun contrato de subministración suxeito a regulación harmonizada (o valor estimado do mesmo é de 2.151.785,33 euros), hai que cumprir co indicado no artigo 207.3 da LCSP

“Los órganos de contratación que hubieran modificado un contrato que esté sujeto a regulación armonizada, a excepción de los contratos de servicios y de concesión de servicios enumerados en el anexo IV, en los casos previstos en las letras a) y b) del apartado 2 del artículo 205 deberán publicar en el «Diario Oficial de la Unión Europea» el correspondiente anuncio de modificación conforme a lo establecido en esta Ley”.

Tamén é de aplicación o seguinte apartado, recollido nese mesmo artigo: “Asimismo los órganos de contratación que hubieran modificado un contrato durante su vigencia, con independencia de si este está o no sujeto a regulación armonizada y de la causa que justifique la modificación, deberán publicar en todo caso un anuncio de modificación en el perfil de contratante del órgano de contratación en el plazo de 5 días desde la aprobación de la misma, que deberá ir acompañado de las alegaciones del contratista y de todos los informes que, en su caso, se hubieran recabado con carácter previo a su aprobación, incluidos aquellos aportados por el adjudicatario o los emitidos por el propio órgano de contratación”

En base ao exposto deberá darse publicidade á modificación número 4 do contrato baseado mediante a publicación do correspondente anuncio no DOUE e no perfil do contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Sexta.- Tal e cómo expón o responsable do contrato no seu informe, o importe do gasto para esta nova subministración a incluír no modificado número 4, foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

Sétima.- A modificación número 4 do contrato baseado non conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 109.3 da LCSP, posto que para a adxudicación do mesmo non foi obxecto de constitución. A este respecto no propio acordo da Xunta de Goberno de 26 de xuño do 2020 polo que se procedeu a adxudicación do contrato baseado indicábase o seguinte:



“Tendo en conta as características da subministración e dado que o seu pago é sempre posterior á entrega e recepción do mesmo, non se esixirá garantía definitiva para a execución do presente contrato baseado, en aplicación do previsto nas cláusulas 14 Garantía e 21 Contratos baseados no acordo Marco, punto 11, Garantía nos Contratos baseados, do PCA do Acordo Marco. No caso de que o adxudicatario fose obxecto de penalidades pola execución non adecuada do contrato baseado, estas faranse efectivas mediante dedución das cantidades pendentes de pago”

Oitava.- Respecto da formalización da modificación número 4 do contrato baseado, e de acordo co sinalado no artigo 153 da LCSP, nos contratos baseados nun acordo marco non resultará necesaria a formalización do contrato, Conforme ao establecido no artigo 36.3 da LCSP e a cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, os contratos baseados nun acordo marco, o que resulta aplicable tamén á súa modificación, perfecciónanse coa notificación da súa adxudicación ao contratista.

Novena.- Aos efectos do establecido na base 36, apartado 1.3.6.5 das bases de execución do orzamento 2021, enténdese desde o servizo de contratación e fomento que se cumpren as esixencias do artigo 204 da LCSP.

“Base 36, apartado 1.3.6.5 Modificación do contrato:

a) No caso de modificacións previstas segundo o artigo 204 da Lei de Contratos do Sector Público, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos, que non supera o límite previsto nos mesmos, e que non se inclúen novos prezos unitarios non previstos no contrato. No caso de modificacións non previstas, ou que non se axusten ao establecido no artigo 204, que se acompaña informe técnico xustificativo dos extremos previstos no artigo 205 da Lei de Contratos do Sector Público e que non se superan as porcentaxes máximas previstas no devandito artigo.

b) Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral e, no seu caso, ditame do Consello Consultivo de Galicia.”

Décima.- Polo que se refire ao órgano competente para realizar a modificación número 4 do contrato baseado a realizar, e de conformidade co previsto nos artigos 61.1 e 61.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación, que actúa en nome da Deputación Provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Conclusión:

En atención as consideracións expostas e atendendo a xustificación da modificación efectuada, infórmase favorablemente a modificación número 4 do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), sempre que se fiscalice o expediente pola Intervención”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponho que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar, en virtude da solicitude realizada polo servizo de Arquitectura con data 07 de outubro de 2021, a modificación número 4 do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), para incorporar a Residencia de Becerreá cun incremento do prezo de adxudicación de 14.520,89 €, aos que haberá que engadir 3.049,39 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 17.570,28 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.



Os datos técnicos da subministración a incluír no contrato baseado descrito no parágrafo anterior son os seguintes:

SUBMINISTRACIÓN E CUPS	DIRECCIÓN	POTENCIA	TARIFA
RESIDENCIA DE BECERREÁ CUPS: ES0022000001047552JG1P	ANCARES, 3 IN DU ST - LUGO, BECERREA (27640)	P1: 43,64KW P2: 43,64KW P3: 43,64KW P4: 43,64KW P5: 43,64KW P6: 43,64KW	3.0TD

O gasto estimado para esta subministración é o seguinte:

SUBMINISTRACIÓN E CUPS	IMPORTE TOTAL SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)	ANUALIDADE 2021 (IVE ENGADIDO)	ANUALIDADE 2022 (IVE ENGADIDO)
RESIDENCIA DE BECERREÁ CUPS: ES0022000001047552JG1P	14.520,89 €	3.049,39 €	17.570,28 €	2.928,38	14.641,90

O importe do gasto para esta subministración foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

A data estimada prevista para o inicio da subministración a través do contrato eléctrico da Deputación de Lugo é o 01 de decembro de 2021, data que poderá variar en función dos traballos tanto técnicos coma administrativos que é preciso realizar.

2º.- Adxudicar este modificado número 4 á empresa adxudicataria do contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A., con NIF A61797536, que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 485.330,39 €, aos que haberá que engadir 101.919,39 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 587.249,78 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 3,24 % sobre o prezo inicial do contrato baseado, que sumado aos tres anteriores incrementos realizados que eran dun 5,03%, fai que as modificacións totais do contrato supoñan un incremento dun 8,27 % sobre o prezo inicial do contrato.

A adxudicataria ademais deberá ter en conta que na cláusula 21.3 do mencionado PCA se indica que este novo punto de subministración ordinario pasará a formar parte do contrato baseado cos prezos e contidos que nel se establecen.

En virtude da resolución da Presidencia do 24 de Xuño de 2021 os prezos unitarios que rexerán nesta nova subministración incluída no modificado número 4, resúmense na seguinte táboa:

PREZO UNITARIO OFERTADO POLO ADXUDICATARIO
OFERTA GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. TEI (€/kWh)

Precios Bajo Circular 3/2020 Conversión pactada con FEMP							
Tarifa Origen	Tarifa Destino	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	2.0TD	0,2102	0,1136	0,0698			
2.0DHA	2.0TD	0,2095	0,1124	0,0686			
2.0DHS	2.0TD	0,2097	0,1123	0,0686			
2.1A	2.0TD	0,2102	0,1136	0,0698			
2.1DHA	2.0TD	0,2096	0,1125	0,0686			
2.1DHS	2.0TD	0,2097	0,1122	0,0686			
3.0A	3.0TD	0,1596	0,1355	0,0998	0,0878	0,0770	0,0679
AP2.0DHA	2.0TD	0,2095	0,1124	0,0686			
AP2.1DHA	2.0TD	0,2096	0,1125	0,0686			
AP3.0A	3.0TD	0,1596	0,1355	0,0998	0,0878	0,0770	0,0679
3.1A	6.1TD	0,1238	0,1069	0,0827	0,0755	0,0667	0,0606
6.1A	6.1TD	0,1240	0,1076	0,0837	0,0739	0,0635	0,0606

O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación. O prazo inicial era dun ano, contado a partir do 26 de Xullo de 2020, prazo que foi prorrogado por un ano máis en virtude da resolución de Presidencia do 24 de Xuño de 2021.

3º.- O gasto financiarase con cargo as anualidades 2021 e 2022, segundo o que se indica a continuación.



Para a anualidade 2022 a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento de 2022 a cantidade de 14.641,90 euros.

SUBMINISTRACIÓN E CUPS	IMPORTE TOTAL SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)	ANUALIDADE 2021 (IVE ENGADIDO)	ANUALIDADE 2022 (IVE ENGADIDO)
RESIDENCIA DE BECERREÁ CUPS: ES0022000001047552JG1P	14.520,89 €	3.049,39 €	17.570,28 €	2.928,38	14.641,90

4º.- A formalización do modificado número 4 realizarase conforme co disposto no artigo 153 da LCSP e será publicada de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 da LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DAS PRESTACIÓNS DETERMINADAS NO LOTE 17 DO CONTRATO DE SERVIZO DE DESBROCE DE MALEZA EN ESTRADAS PROVINCIAIS. CONCELLOS DE ANTAS DE ULLA, MONTERROSO, PORTOMARÍN E PALAS DE REI.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento ao que prestou conformidade a Secretaria Xeral, no que se recolle o seguinte:

“Primeira.- A cesión dos contratos réxese polo disposto no artigo 214 da LCSP:

“1. Al margen de los supuestos de sucesión del contratista del artículo 98 y sin perjuicio de la subrogación que pudiera producirse a favor del acreedor hipotecario conforme al artículo 274.2 o del adjudicatario en el procedimiento de ejecución hipotecaria en virtud del artículo 275, la modificación subjetiva de los contratos solamente será posible por cesión contractual, cuando obedezca a una opción inequívoca de los pliegos, dentro de los límites establecidos en el párrafo siguiente.

A tales efectos, los pliegos establecerán necesariamente que los derechos y obligaciones dimanantes del contrato podrán ser cedidos por el contratista a un tercero siempre que las cualidades técnicas o personales del cedente no hayan sido razón determinante de la adjudicación del contrato, y de la cesión no resulte una restricción efectiva de la competencia en el mercado. Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 2, letra b), no podrá autorizarse la cesión a un tercero cuando esta suponga una alteración sustancial de las características del contratista si estas constituyen un elemento esencial del contrato.

Cuando los pliegos prevean que los licitadores que resulten adjudicatarios constituyan una sociedad específicamente para la ejecución del contrato, establecerán la posibilidad de cesión de las participaciones de esa sociedad; así como el supuesto en que, por implicar un cambio de control sobre el contratista, esa cesión de participaciones deba ser equiparada a una cesión contractual a los efectos de su autorización de acuerdo con lo previsto en el presente artículo.

Los pliegos podrán prever mecanismos de control de la cesión de participaciones que no impliquen un cambio de control en supuestos que estén suficientemente justificados.

2. Para que los contratistas puedan ceder sus derechos y obligaciones a terceros, los pliegos deberán contemplar, como mínimo, la exigencia de los siguientes requisitos:

a) Que el órgano de contratación autorice, de forma previa y expresa, la cesión. Dicha autorización se otorgará siempre que se den los requisitos previstos en las letras siguientes. El plazo para la notificación de la resolución sobre la solicitud de autorización será de dos meses, transcurrido el cual deberá entenderse otorgada por silencio administrativo.

b) Que el cedente tenga ejecutado al menos un 20 por 100 del importe del contrato o, cuando se trate de un contrato de concesión de obras o concesión de servicios, que haya efectuado su explotación durante al menos una quinta parte del plazo de duración del contrato. No será de aplicación este requisito si la cesión se produce encontrándose el contratista en concurso aunque se haya abierto la fase de liquidación, o ha puesto en conocimiento del juzgado competente para la declaración del concurso que ha iniciado negociaciones para alcanzar un acuerdo de refinanciación, o para obtener adhesiones a una propuesta anticipada de convenio, en los términos previstos en la legislación concursal.

No obstante lo anterior, el acreedor pignoraticio o el acreedor hipotecario podrá solicitar la cesión en aquellos supuestos en que los contratos de concesión de obras y de concesión de servicios los pliegos prevean, mediante cláusulas claras e inequívocas, la posibilidad de subrogación de un tercero en todos los derechos y obligaciones del concesionario en caso de concurrencia de algún



indicio claro y predeterminado de la inviabilidad, presente o futura, de la concesión, con la finalidad de evitar su resolución anticipada.

c) Que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar.

d) Que la cesión se formalice, entre el adjudicatario y el cesionario, en escritura pública.

3. El cesionario quedará subrogado en todos los derechos y obligaciones que corresponderían al cedente.”

Segunda.- No presente expediente, a cesión obedece a unha solicitude do contratista, dentro dunha opción inequívoca dos pregos. A cláusula 30.1 do PCAP dispón o seguinte:

“Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo contratista a un terceiro, sempre que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado, de conformidade co artigo 214 da LCSP, cos seguintes requisitos:

a) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión. Dita autorización outorgarase sempre que se dean os requisitos previstos nas letras seguintes. O prazo para a notificación da resolución sobre a solicitude de autorización será de dous meses, transcorrido o cal deberá entenderse outorgada por silencio administrativo.

b) Que o cedente teña executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato ou, cando se trate dun contrato de concesión de obras ou concesión de servizos, que efectuase a súa explotación durante polo menos unha quinta parte do prazo de duración do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce estando o contratista en concurso, aínda que se abra a fase de liquidación, ou puxo en coñecemento do xulgado competente para a declaración do concurso que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento, ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos na lexislación concursal...”

Terceira.- Na presente contratación, as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foron razón determinante da adxudicación do contrato, posto que se adxudicou o servizo de

referencia en base aos criterios de adxudicación contidos no apartado “R” do cadro resumo do prego de cláusulas administrativas, é dicir: Criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas (prezo e adscripción ao contrato de persoas maiores de 50 anos), circunstancias éstas que non se ven afectadas de ser efectivamente realizada a cesión que solicita a adxudicataria.

Cuarta.- Da cesión non resulta ningunha restrición da competencia no mercado. A licitación tramitouse por un procedemento ordinario aberto, suxeito a regulación harmonizada, con división en lotes, cunha duración inferior á máxima permitida pola LCSP. As condicións da adxudicación mantéñense para o cesionario.

Quinta.- O cedente ten executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato, segundo se recolle no Informe emitido polo Responsable do Contrato, con CSV: IV7FYSTPPIXKRSBCQ57QMT2H4Y, no que se recolle que:

“O devandito contrato abarca os concellos de Portomarín, Antas de Ulla, Palas de Rei e Monterroso cunha lonxitude de actuación fixada en 191,904 Km., por cada anualidade; constituíndo a execución das dúas anualidades a totalidade de 383,808 km. e polo tanto o 20% do contrato supón unha lonxitude de actuación de 76,76 Km.

O prezo do contrato é de 96.120,95 euros, dos que 48.060,48 euros, corresponden a anualidade de 2021 e 48.060,47 euros a anualidade de 2022, IVE incluído.

O prezo de execución do 20% do contrato ascendería a 19.224,19 IVE incluído.

Este Responsable do Contrato logo de levar a cabo as comprobacións oportunas tendentes a determinar si o adxudicatario cumpre as condicións de execución do 20% do contrato, considera que D. José Antonio González Vázquez a data 29 de outubro do 2021 leva executado de acordo os criterios fixados nos pregos que rexen o contrato 77 km. da prestación, o que supera o 20% do esixible para poder levar a cabo a cesión.”

Sexta.- Cúmrese o preceptuado na letra c do artigo 214.2 da LCSP:

“c) Que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente



clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar”.

D. José María Vázquez Piñeira, aportou a documentación esixida na cláusula 17 do PCAP, con carácter previo da adxudicación ao seu favor do lote 6 da referida contratación, documentación que aínda conserva a súa vixencia, exceptuando os certificados de débedas, que, aínda que vixentes, se atopan a piques de vencer, polo que se incorporan novos certificados ao expediente.

Sétima.- A cesión do contrato vense configurando como un caso de novación modificativa subxectiva do contrato (artigo 1205 do Código civil), que ocorre pola subrogación dun terceiro na posición xurídica do contratista; este dende o momento de formalización en escritura pública da cesión, queda desligado do vínculo contractual coa administración, resultando substituído polo cesionario.

Esta cesión é un instrumento técnico que permite a circulación do contrato administrativo no tráfico xurídico.

A cesión do contrato subroga ao cesionario nos dereitos e obrigas, pendentes de devengo, do contratista cedente. A cesión non extingue o contrato, senón que solo modifica un dos suxeitos da relación.

O acordo de cesión é un negocio xurídico bilateral no que son parte o contratista e o terceiro (cesionario), sendo allea a administración, se ben debe autorizala.

No caso analizado o contrato é susceptible de cesión; a cesión non supón unha alteración substancial das características do contratista (o cesionario acredita aptitude e solvencia/clasificación); non se aprecia unha eventual restrición efectiva para o mercado.

O cedente executou máis do 20% do importe do contrato.

A cesión deberá formalizarse en escritura pública, entre o adxudicatario e o cesionario, toda vez que o pacto de cesión non é un contrato administrativo senón un negocio xurídico-privado.

Se non se outorga escritura pública non se entenderá producida a cesión do contrato, de modo que a administración contratante non terá ao cesionario como parte do contrato. O outorgamento desta escritura debe ir precedida da autorización da administración contratante.

Finalmente e en canto aos efectos, precísase:

a) Unha vez outorgada a escritura pública, previa autorización desta administración, o cesionario queda subrogado en todos os dereitos e deberes que corresponderían ao cedente. Cedente e cesionario deben entregar copia auténtica de escritura pública.

b) Dende o momento do outorgamento desa escritura pública a cedente desvinculase da administración contratante para este contrato e substitúese polo cesionario.

c) Dende esa data- de formalización de escritura pública- debe procederse a constitución da garantía polo cesionario, polo mesmo importe que a actualmente constituída. O importe da garantía constituída ascende a 3.971,94 €.

Oitava.- Respecto ao órgano competente, dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Novena.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Conclusión: Así pois a cesión do contrato enténdese axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente a súa autorización baixo as consideracións e presupostos relacionados, debendo completarse os trámites indicados e someterse á previa fiscalización.”



Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Autorizar a cesión do contrato das prestacións determinadas no lote 17 do contrato de servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais a favor José María Vázquez Piñeira. José Antonio González Vázquez leva executados 77 km, que ascenden a 19.284,30 euros (IVE incluído), o que supera un 20% do esixible para poder levar a cabo a cesión, quedando pendentes de executar 76.836,65 euros, dos que 28.776,18 se corresponden coa anualidade 2021 e 48.060,47 á anualidade 2022).

2º.- Requirir ao cesionario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación do presente acordo presente a seguinte documentación:

Escritura pública de formalización da cesión entre o cedente e o cesionario.

Resgardo acreditativo da garantía definitiva por importe de 3.971,94 €.

3º.- A eficacia da cesión queda condicionada ao cumprimento dos requisitos recollidos no punto 2 por parte do cedente e cesionario.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-3202 “Monforte – Currelos (LU-611)” P.K. 0+000 a 24+436.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-3202 “Monforte– Currelos (LU-611)” P.K. 0+000 a 24+436, consta no mesmo:

Proxecto da obra MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-3202 “Monforte– Currelos (LU-611)” P.K. 0+000 a 24+436, con CSV: IV7F6635BN6KKW522Q4WEN3QAY.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7F6630ZEMMLZGFOVRNBGZ7XD4.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7F663PJIRNJOP147UVMB2FAM.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7F6635NEFM5SRMSVQHM7SXCE.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7F7WXJZLXC32WK6BXR6E3BOQ.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscripción de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7FYKPMH4MM6SNZCB4AIUDHAY.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FYKTSBEG7ZRBPO4HBA5BHAQ.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-3202 “Monforte– Currelos (LU-611)” P.K. 0+000 a 24+436, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.



2º.- Aprobar o expediente de contratación e disponer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 251.225,65 €, dos cales 43.601,15 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA CESIÓN DE DIVERSOS CONTRATOS.

Proposta relativa á autorización de cesión do contrato de execución da obra LUGO.- Desdobramento e humanización da Avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo. Tramo glorieta Ronda Norte- Glorieta 25 de novembro.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, o que prestou conformidade a Secretaría Xeral, que, entre outros extremos, contén o seguinte:

“(…)

Antecedentes.

Contrato administrativo formalizado con data 21/05/2019 coa mercantil Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales SL.

Acta de comprobación de replanteo de data 11/06/2021 en disconformidade polo contratista, presentando escrito de reservas e observacións á mesma.

Acta de comprobación de replanteo de data 07/09/2021, dándose comezo ao prazo de execución das obras.

Acta de suspensión total da obra, de data 30 de novembro de 2017.

Escrito manifestando o interese na cesión do contrato da obra, con RE nº 2021RT016471 de data 25/10/2021, indicando como cesionaria a empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU, a cal asina de conformidade.

Informe do Director Técnico de data 28/10/2021 con CSV: IV7F66KJJF6TRPXC3QY5GV3OKE.

Desde a Deputación en data 04/11/2021, por escrito con RXS número 2021RPS013632, solicítase a acreditación da clasificación e acreditación de non atoparse incurso en causas de prohibición para contratar coa administración, á mercantil proposta.

A mercantil indicada como cesionaria presenta escrito con rexistro de entrada número 2021RT17221 (expte 2021/PES_03/023226) coa que achega a clasificación e as condicións de aptitude para contratar coa administración e para asumir o contrato de referencia.

Lexislación aplicable

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (9/2017 LCSP) (Disposición Transitoria Primeira).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (LXCA).



Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e súa internacionalización.
Restantes disposicións de Xeral e Concordante aplicación.

Consideracións xurídicas e administrativas.

Primeira.- En data 30-12-2016 a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo, asinaron convenio de colaboración para a execución dos fins comúns consistentes en desdoblamento, urbanización e humanización da Avenida Duquesa de Lugo. Este convenio foi modificado segundo addenda asinada o 30/10/2020.

Segunda.- A Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria de data 01/02/2019, aprobou o proxecto técnico da obra denominada LUGO.- Desdoblamento e humanización da Avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo. Tramo glorieta Ronda Norte– Glorieta 25 de novembro, cun orzamento de licitación de 1.473.169,66 euros dos cales 255.674,07€ corresponde ao IVE, así como os Prego de condicións, procedemento de licitación, expediente de contratación e o gasto, previamente fiscalizado pola Intervención.

Terceira.- A adxudicación foi acordada por Xunta de Goberno con data 15/05/2019 formalizándose en documento administrativo con data 21/05/2019.

Cuarta.- Con data 25/10/2021, presentase escrito (RE nº 2021RT016471) no que D. Marcos Rodríguez Ogando, en representación da mercantil Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales SL, adxudicataria da referida obra, e D. Juan Sanmartín Ferreiro, en representación da empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU, manifestan o interese de cesión do contrato a favor da empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU.

Quinta.- Con data 04/11/2021 requiriuse á mercantil Ovisa Pavimentos y Obras SLU, coa finalidade de acreditar a súa clasificación (esixida no PCAP) e demais condicións de aptitude para contratar coa administración e para asumir o contrato de referencia.

Sexta.- A mercantil Ovisa Pavimentos y Obras SLU achega a clasificación e as condicións de aptitude para contratar coa administración e para asumir o contrato de referencia.

Sétima.- En primeiro lugar, indicar que a cesión de contratos se rexe polo disposto no artigo 214 da LCSP, ao que se invoca na cláusula trixesimo segunda do PCAP, que indica:

“(…)

2. Para que los contratistas puedan ceder sus derechos y obligaciones a terceros, los pliegos deberán contemplar, como mínimo, la exigencia de los siguientes requisitos:

a) Que el órgano de contratación autorice, de forma previa y expresa, la cesión. Dicha autorización se otorgará siempre que se den los requisitos previstos en las letras siguientes. El plazo para la notificación de la resolución sobre la solicitud de autorización será de dos meses, transcurrido el cual deberá entenderse otorgada por silencio administrativo.

b) Que el cedente tenga ejecutado al menos un 20 por 100 del importe del contrato o, cuando se trate de un contrato de concesión de obras o concesión de servicios, que haya efectuado su explotación durante al menos una quinta parte del plazo de duración del contrato. (...)

c) Que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar.

d) Que la cesión se formalice, entre el adjudicatario y el cesionario, en escritura pública.”

Oitava.- No caso que nos ocupa, as características técnicas do adxudicatario non foron determinantes para a adxudicación, posto que se adxudicou a obra de referencia en base aos criterios de adxudicación contidos na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas, é dicir, precio, ampliación do prazo de garantía e programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; circunstancias éstas que non se ven afectadas de ser efectivamente realizada a cesión que solicita a adxudicataria.

Novena.- Segundo o informe emitido pola Dirección Facultativa en data 28/10/2021, o cedente ten executadas obras por importe de 206.951,48 euros, que supón o 20,08% do importe do contrato; importe que é superior ao 20% establecido pola lexislación vixente.



Décima.- O adxudicatario ten capacidade para contratar coa Administración e a clasificación esixible. Para ser adxudicatario desta obra, segundo se establece no PCAP, deberá estar en posesión da clasificación G-4-4. Da documentación achegada pola mercantil cesionaria Ovisa Pavimentos y Obras SLU despréndese o cumprimento das obrigas e condicións establecidas no PCAP para este contrato.

Décimo primeira.- A cesión do contrato vense configurando como un caso de novación modificativa subxectiva do contrato (Artigo 1205 do Código civil), que ocorre pola subrogación dun terceiro na posición xurídica do contratista; previa verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na Lei e no prego.

Esta cesión é un instrumento técnico que permite a circulación do contrato administrativo no tráfico xurídico.

A cesión do contrato subroga ao cesionario nos dereitos e obrigas do contratista cedente. A cesión non extingue o contrato, senón que solo modifica un dos suxeitos da relación.

O acordo de cesión é un negocio xurídico bilateral no que son parte o contratista e o terceiro (cesionario), sendo allea a administración, se ben debe autorizala.

Doutra banda está acreditado que o cedente executou máis do 20% do importe do contrato.

A cesión deberá formalizarse en escritura pública, entre o adxudicatario e o cesionario, toda vez que o pacto de cesión non é un contrato administrativo senón un negocio xurídico-privado, e así o establece tamén a LCSP no artigo 214.

Se non se outorga escritura pública non se entenderá producida a cesión do contrato, de modo que a administración contratante non terá ao cesionario como parte do contrato. O outorgamento desta escritura debe ir precedida da autorización da administración contratante.

Cedente e cesionario deben entregar copia auténtica de escritura pública.

Dende esa data- de formalización de escritura pública- debe procederse a constitución da garantía polo cesionario, polo mesmo importe que a actualmente constituída. Unha vez constituída a garantía polo cesionario no importe actualmente vixente, autorizarase a cancelación/ devolución da constituída pola empresa cedente.

O importe da garantía constituída ascende a 42.594,08 €

Décimo segunda.- En canto ao órgano competente dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, debe

aplicarse o Artigo 59 Apartado 8º e 12º do Regulamento Orgánico, que alude expresamente a competencia da Xunta de Goberno nos supostos de modificación de contratos (neste suposto naturalmente o importe é superior ao dos contratos menores). Ao afectar a unha das partes contratantes entendemos que a competencia modificativa é da Xunta de Goberno.

Conclusión.

Así pois a cesión do contrato enténdese axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente a súa autorización baixo as consideracións e presupostos relacionados.”

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Autorizar a cesión do contrato de execución da obra LUGO.- Desdobramento e humanización da Avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo. Tramo glorieta Ronda Norte- Glorieta 25 de novembro a favor de la empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU. O importe do contrato executado ascende a 206.951,48 €, o que supera o 20% do esixible para poder levar a cabo a cesión, quedando pendente de executar do contra o importe de 823.825,33 €.

Requirir ao cesionario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación do presente acordo presente a seguinte documentación:

Escritura pública de formalización da cesión entre o cedente e o cesionario.

Resgardo acreditativo da garantía definitiva por importe de 42.594,08€.

2º.- A eficacia da cesión queda condicionada ao cumprimento dos requisitos recollidos no punto 2 por parte do cedente e cesionario.

3º.- Determinar a cancelación e devolución da fianza definitiva formalizada por Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales SL, unha vez formalizada a cesión en escritura pública e presentada garantía definitiva pola mercantil cesionaria Ovisa Pavimentos y Obras SLU.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON MODIFICACIÓNS DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO 2021.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro, solicitando modificación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro no que solicita a modificación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12-01-2021.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 30/03/2021, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
PEDRAFITA DO CEBREIRO	226	REHABILITACION E MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ENVOLVENTE TÉRMICA DO EDIFICIO DO CONCELLO	10.108,40€	38.141,18€	48.249,58€

A Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro a través de escrito de data 11/11/2021 solicita:

A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, concretamente o investimento nº 226, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “.... partidas incluídas non se poden realizar...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
PEDRAFITA DO CEBREIRO	226	REFORMADO REHABILITACION E MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ENVOLVENTE TÉRMICA DO EDIFICIO DO CONCELLO	10.108,40€	38.123,24€	48.231,64€

A base 16, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de execución e xustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria”.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial



cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2021, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, infórmase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Pedrafita do Cebreiro que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2021.”

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
PEDRAFITA DO CEBREIRO	226	REFORMADO REHABILITACION E MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ENVOLVENTE TÉRMICA DO EDIFICIO DO CONCELLO	10.108,40€	38.123,24€	48.231,64€

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Xermade, solicitando modificación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Xermade no que solicita a modificación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12-01-2021.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 30/03/2021, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
XERMADE	330	ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO PARA A ESCOLA DE LADRELA (ASEO PORTATIL, VENTÁS E PORTAS)	--	11.185,80€	11.185,80€

A Alcaldía do Concello de Xermade a través de escrito de data 11/11/2021 solicita:



A modificación/ substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, concretamente o investimento nº 330, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... informe sectorial de Patrimonio,...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
XERMADE	330	ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO PARA A ESCOLA DE LADRELA (ESTORES, VENTÁS E PORTAS) E COLOCACION	--	11.185,80€	11.185,80€

A base 16, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de execución e xustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria”.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2021, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Xermade que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2021.”

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Xermade, e en consecuencia, aprobar a modificación/ substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
XERMADE	330	ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO PARA A ESCOLA DE LADRELA (ESTORES, VENTÁS E PORTAS) E COLOCACION	--	11.185,80€	11.185,80€

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Bóveda, solicitando modificación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Bóveda no que solicita a modificación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12-01-2021.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 30/03/2021, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BÓVEDA	38	OBRA E INSTALACIÓN DE SISTEMA DE TELEMEDIDA PARA ABASTECIMENTO DE AUGA MUNICIPAL, INCLUÍDO HONORARIOS	--	123.420,00€	123.420,00€

A Alcaldía do Concello de Bóveda a través de escrito de data 15/11/2021 solicita:

A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, concretamente o investimento nº 38, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “.... actuacións que non se poden executar nos termos inicialmente previstos,...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BÓVEDA	38	MODIFICADO OBRA E INSTALACIÓN DE SITEMA DE CONTROL E TELEMEDIDA EN INSTALACIÓN DE ABASTECIMIENTO MUNICIPAL: BÓVEDA, VER, RIBAS PEQUENAS, A ASPERA, VILALPAPE, GUNTIN, MOSTEIRO, FREITUXE, TUIMIL, BARXA, REGO DA IDE, SAN FIZ, EIMER, GRUÑEDO, RUBIÁN, AGRA, RIBEIRA, CHA, INCLUIDO HONORARIOS	--	102.509,05€	102.509,05€

A base 16, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de execución e xustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria”.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2021, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do investimento relativo ao Concello de Bóveda que se sinala, así como a utilización como remanentes do importe que non se destina ao proxecto modificado, e que queda incluído no Plan Único 2021.



A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Bóveda, e en consecuencia, aprobar a modificación do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BÓVEDA	38	MODIFICADO OBRA E INSTALACIÓN DE SITEMA DE CONTROL E TELEMEDIDA EN INSTALACIÓN DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL: BÓVEDA, VER, RIBAS PEQUENAS, A ASPERA, VILALPAPE, GUNTIN, MOSTEIRO, FREITUXE, TUI MIL, BARXA, REGO DA IDE, SAN FIZ, EIMER, GRUÑEDO, RUBIÁN, AGRA, RIBEIRA, CHA , INCLUIDO HONORARIOS	--	102.509,05€	102.509,05€

2º.- Determinar que o importe minorado na achega da Deputación (20.910,95€) como consecuencia do modificado do investimento poida ser utilizado como remanentes polo Concello, unha vez solicitado nos termos establecidos nas bases do Plan.

3º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

4º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2021.

Escrito do Concello de Becerreá, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 28-29-31-32 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. (PUC/21).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Becerreá, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (28-29-31-32) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.



Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Becerreá presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
BECERREÁ	28	MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA ILUMINACIÓN INTERIOR POLIDEPORTIVO MUNICIPAL	3410.76201	1.845,25 €
	29	MELLORA DE ACCESOS A LAMAS E CAMPO DE TIRO	1531.76201	6.151,93 €
	31	MELLORA DE ACCESOS A TORALLO E A GOLADA	1531.76201	5.504,96 €
	32	MELLORA E ACONDICIONAMENTO RONDA DE OUTEIRO	1532.76201	5.239,52 €

Por escrito data 03/11/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTEMENTO
BECERREÁ	REM	MELLORA DO CAMIÑO DE ACCESO A PARADEAL	1531.76201	--	11.656,84€	11.656,84€
	REM	MELLORA ENERXÉTICA EN INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO: SEVANE	3410.76201	--	1.845,25€	1.845,25€
	REM	MELLORA BEIRARRÚAS MARXE IZQUIERDO EN ROLDA DE OUTEIRO DESDE EULOGIO ROSÓN	1532.76201	--	5.239,52€	5.239,52€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación,

someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Becerreá, no Plan Único 2021.”

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Becerreá e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
BECERREÁ	REM	MELLORA DO CAMIÑO DE ACCESO A PARADEAL	1531.76201	--	11.656,84€	11.656,84€
	REM	MELLORA ENERXÉTICA EN INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO: SEVANE	3410.76201	--	1.845,25€	1.845,25€
	REM	MELLORA BEIRARRÚAS MARXE IZQUIERDO EN ROLDA DE OUTEIRO DESDE EULOGIO ROSÓN	1532.76201	--	5.239,52€	5.239,52€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.



Primeiro.- *Convenio da subvención directa excepcional a outorgar pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo para colaborar no financiamento dos gastos da actuación “I Feira L de Lugo” na anualidade 2021.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación consistente en “I feira L de Lugo” polo importe de 15.000 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Certificado do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2021.

Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro do Anexo I, sobre liñas de actuación específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2021, na Liña 4.1.c – Promoción económica e social da provincia de Lugo da Área funcional de Promoción Económica e Social, do PES (2020 -2022), aprobado por resolución de Presidencia, do 2 de abril de 2020 e actualizado por acordo de Xunta de Goberno de data 5 de marzo de 2021 para o ano 2021, xa que na mesma se

recollen os obxectivos de consolidar o sector privado, afianzando a súa actividade, e xerar un desenvolvemento sustentable que dinamice o mercado laboral no territorio e xerar un tecido empresarial sólido no que se asenten as bases do futuro da provincia.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2021, que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00€ de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación, que se refire á colaboración co beneficiario para o financiamento dos gastos derivados da actuación “I feira L de Lugo”. Esta actuación consiste no financiamento de parte dos gastos da feira para achegar ao público en xeral e ao sector hostaleiro e de alimentación en particular unha feira que tente promover o consumo, e a imaxe do sector e dos produtos que comercializan.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte acordo:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 15.000 € a favor da Asociación de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación “I Feira L de Lugo” na anualidade 2021, subvención incluída na Liña 4.1.c – Promoción económica e social da provincia de Lugo da Área funcional de Promoción Económica e Social, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobado o gasto polo importe total de 15.000€, con cargo á aplicación orzamentaria 2410.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021 a favor da Asociación de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación “I feira L de Lugo” na anualidade 2021.



3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Convenio canalizador da subvención directa excepcional plurianual outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Proxecto recreación dunha unidade de vivenda castrexa” nas anualidades 2021 e 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional plurianual a conceder á entidade Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Proxecto recreación dunha unidade de vivenda castrexa”, nas anualidades 2021 e 2022, polo importe de 96.000,00 € (67.500,00 € para o ano 2021 e 28.500,00€ para o ano 2022), co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado para cada anualidade, é dicir, 33.750,00€ para 2021 e 14.250,00 € para 2022, con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Acreditación de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Declaración responsable do representante da entidade de que a mesma cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne tódolos requisitos para optar á subvención, conformado pola Presidencia.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral, e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende subvencionar encaixa dentro da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, contribuíndo á consecución do seu obxectivo estratéxico de conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.).

En concreto, a actuación a subvencionar enmárcase dentro das previsións do apartado c) de actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2021 da Liña 1.1- Xeración de riqueza, da Área de Presidencia, do vixente Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2021.

O obxecto que se persegue con esta subvención e a recreación dunha unidade de vivenda castrexa. Trátase de recrear unha construción que, dende a idade do ferro, configurouse como un elemento de unión ou nexo, das familias e da veciñanza, en torno á cal a cidadanía (veciñanza) se reunía, participaba e colaboraba, como suxeitos sociais con capacidade para transformar o territorio.

En resume, trátase de recrear un entorno semellante ao existente na época dos castros, no que se poña en valor, se recoñeza, se recupere e se fomente a colaboración veciñal, a través de



asociacións ou outras figuras colaborativas similares, como o instrumento a través do cal, ao longo da historia, se xerou riqueza para o territorio, no seu sentido máis amplo, facendo partícipe desa riqueza á veciñanza, en todos os ámbitos. Ao mesmo tempo, preténdese que a instalación que se pretende construír constitúa un lugar de encontro e reunión da sociedade (veciñanza), e en torno á cal se fomente e potencie a súa colaboración e participación nos aspectos que lles afectan como conxunto.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional plurianual, por importe de 96.000,00€, a favor da entidade Fundación Xosé Soto de Fión, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Proxecto recreación dunha unidade de vivenda castrexa”, nas anualidades 2021 e 2022, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2021 para esta liña (Anexo I).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Anualidade 2021: 67.500,00€

Anualidade 2022: 28.500,00€

2º.- Aprobar o gasto plurianual de 96.000,00€, que se desagrega en 67.500,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021, a favor da entidade Fundación Xosé Soto de Fión, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Proxecto recreación dunha unidade de vivenda castrexa”, e para a anualidade 2022 28.500,00€.

A Deputación Provincial adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de, incluír no Orzamento da anualidade 2022 a cantidade de 28.500,00€, para facer fronte ás obrigas económicas da anualidade 2022.

3º.-Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Addenda de modificación segunda do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Xermade para a execución de fins comúns consistentes en: Adquisición camión contraincendios.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Xermade, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Adquisición camión contraincendios, que dispón o seguinte:

“En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 30/12/2020, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Xermade coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Adquisición camión contraincendios.

Segundo.- En data 30/12/2020 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Xermade no que entre outros se recollía na cláusula primeira:

“(…)

Para acadar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizalos seguintes investimentos:



INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
ADQUISICIÓN CAMIÓN CONTRAINCENDIOS	60.000,00€	12.600,00€
TOTAL	72.600,00€	

(...)"

O amentado convenio foi modificado por acordo da Xunta de Goberno de data 20/08/2021, sendo asinada addenda de modificación o 24/08/2021, relativa á ampliación do prazo para execución e xustificación ata o 30/11/2021.

Terceiro.- Don Roberto García Pernas, Alcalde do Concello de Xermade achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, con RE 2021RPE031591, de data 17/11/2021, a través do que manifesta "... que o concello licitou contrato de subministro quedando deserto, buscando outras opcións como vehículos usados, e considerando beneficiosos a adquisición da reitoral ao ser de grande interés para o municipio, Solicita a modificación dos investimentos a financiar no convenio interadministrativo".

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que "son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público"

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

Cuarto.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

Quinto.- A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)



“lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de campo de fútbol.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

Sétimo.- O municipio de Xermade é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “ a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d)



A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...)

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

Ademais é de ter en conta o establecido na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que sinala no seu artigo 7 as competencias das entidades locais, entre elas “d) a ordenación da execución das obras necesarias para conservar e manter o chan e a biomasa vexetar nas condicións precisas que eviten os incendios...”. Así mesmo, o artigo 8, sobre a cooperación administrativa, sinala “as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si, e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, aportando medios materiais, económicos e humanos á súa disposición...”.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Oitavo.- O Concello de Xermade, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións

polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Noveno.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter- administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público– público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85 , de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2020.

O concello de Xermade será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Décimo.- A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa



con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Décimo primeiro.- Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluírá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2021, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, de xeito que queden incluídos os investimentos que se indican coa financiación sinalada:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
ADQUISICIÓN CAMIÓN CONTRAINCENDIOS	10.000,00€	1.000,00€
ADQUISICIÓN REITORAL XERMADE	50.000,00€	--
SUB-TOTAL	60.000,00€	1.000,00€
TOTAL	61.000,00€	

Décimo segundo.- En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Conclusión.

Así pois a proposta de addenda de modificación segunda do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación da addenda de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

Aprobar a addenda de modificación segunda do convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Xermade coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Adquisición camión contraincendios, de tal xeito que queden incluídos no convenio os seguintes investimentos coa financiación indicada:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
ADQUISICIÓN CAMIÓN CONTRAINCENDIOS	10.000,00€	1.000,00€
ADQUISICIÓN REITORAL XERMADE	50.000,00€	--
SUB-TOTAL	60.000,00€	1.000,00€
TOTAL	61.000,00€	



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS RELATIVO AO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS DE BELESAR. O SAVIÑAO (LUGO).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En relación co escrito de Rexistro 2021RPE008742 de 26.05.2021, de D José Antonio Fortes López, remitindo o documento Plan Especial de Dotaciones para la implantación de un Museo del Vino en el núcleo de Belesar, emítase o presente informe sectorial referente ás estradas de titularidade desta Deputación.

Antecedentes e obxecto.

Con data 15.02.2020 e nº de rexistro 3208 o Concello de Saviñao solicita informe sectorial da Deputación Provincial de Lugo, para a Implantación dun Museo do Viño, promovido por D. José Antonio Fortes López.

Con data 07.05.2020 remitiuse ao Concello de Saviñao autorización favorable condicionada para a rehabilitación da edificación para a implantación dun Museo do Viño.

Con data 28.10.2020 o Concello de Saviñao de Saviñao solicitou un novo informe para tramitar o Plan Especial de dotacións no núcleo de Belesar.

O presente informe ten carácter sectorial de estradas e emítase de acordo ás disposicións contidas na vixente redacción da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG 8/2013).

Fundamentos Legais.

A regulación das vías provinciais debe facerse por referencia á Lei 8/2013 de estradas de Galicia, estando o réxime xeral vixente contido esencialmente nos seguintes artigos:

“7. Treitos urbanos

Para os efectos desta lei, considérase treito urbano dunha estrada aquel que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano ou de núcleo rural cando, neste último caso, conte con aliñacións marcadas no antedito instrumento e aquel fose sometido a informe favorable, conforme esta lei, pola administración titular da estrada.

8. Travesías

8.1. Para os efectos desta lei, considérase travesía o treito dunha estrada no que, discorrendo por solo clasificado como urbano, existen edificacións consolidadas que formen parte do núcleo de poboación.

23. Coordinación co planeamento urbanístico

23.2. Nos supostos de redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento que afecten ás estradas existentes ou ás actuacións previstas nos plans de estradas vixentes, o concello remitirá, con posterioridade á súa aprobación inicial, o correspondente documento ás administracións titulares das estradas afectadas para que o informen. O informe terá carácter vinculante e deberá ser emitido no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderase favorable.

No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente, se é o caso, as normas vulneradas.

23.3. Nos treitos urbanos das estradas, o instrumento de planeamento urbanístico determinará a aliñación de edificación, que poderá fixarse, de xeito motivado, a unha distancia inferior á que prevé a lei con carácter xeral para a liña límite de edificación das estradas, valorando a existencia de edificacións continuadas preexistentes, así como a concorrencia de razóns técnicas, socioeconómicas ou de orografía do terreo que poidan aconsellar a redución.

38. Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación

38.4. Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.

40. Delimitación da zona de afección

A zona de afección está formada por dúas franxas de terreo, unha a cada lado da



estrada, delimitadas interiormente polas liñas exteriores da zona de servidume e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas exteriores da explanación e medidas horizontal e ortogonalmente desde elas, a unha distancia de:

- a) Cen metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóviles.
- b) Trinta metros no caso de estradas convencionais e elementos funcionais.

41. Delimitación da liña límite de edificación

41.1. A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

- a) Cincuenta metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóviles.

b) Quince metros no caso de estradas convencionais. En caso de que unha administración teña aprobado o catálogo da súa rede e no mesmo categorícense funcionalmente as estradas en rede estruturante, rede complementaria e rede local, según o establecido no Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de estradas de Galicia, a liña límite de edificación estará situada a 15 metros no caso das estradas da rede estruturante e da rede complementaria e a 7 metros para as estradas da rede local.

47. Réxime xeral e competencia

2. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección, así como para realizar as actividades de comprobación daquelas suxeitas a declaración responsable no que a lexislación sectorial en materia de estradas refírese, corresponde á administración titular da estrada, excepto na talla de arboleda, que terá que ser autorizada unicamente polo órgano competente en materia forestal, de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, previo informe preceptivo e vinculante do órgano competente da administración titular da estrada..

Disposición adicional primeira. Edificacións, instalacións e peches preexistentes

1. Nas edificacións, instalacións e peches preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada da estrada e a liña límite de edificación poderanse autorizar, ou quedarán suxeitas ao réxime de declaración responsable, de tratarse dos usos previstos no artigo 45 bis, no que á lexislación sectorial en materia de estradas refírese, e sempre que quede garantida a seguridade viaria na estrada e nos seus accesos e non se produza cambio de uso nin incremento de volume edificado, por encima ou por baixo da rasante do terreo:

- a) Con carácter xeral, as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.
- b) Excepcionalmente, obras de rehabilitación estrutural, naqueles supostos de interese público ou social, así cualificados.”

Por parte da Deputación Provincial de Lugo, o Pleno de 30 de abril de 2019 adoptou o acordo de categorizar a rede de estradas provinciais como Rede Local, para a aplicación da redución da liña límite de edificación establecida pola nova redacción da Lei de Estradas de Galicia, tras a aprobación da Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e na que se reduce a distancia da liña límite de edificación de 15,00 m a 7,00 m do borde exterior da calzada, debendo resultar fóra da zona de servidume e a distancia non inferior a 10 m do eixe de trazado da vía con carácter xeral en solo rústico, sen prexuízo da posible redución aplicable nos treitos urbanos da estrada conforme ao previsto no artigo 23 da LEG 8/2013. A adopción de dito criterio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 07.11.2019.

Consideracións sobre a documentación recibida.

Da análise da documentación recibida, compre salientar:

O ámbito do Plan especial de dotacións atópase situado na marxe esquerda da estrada de titularidade provincial LU-P-5819 “Belesar (LU-P-1804)-Portotide-Praia da Cova”, no entorno do PK 0+200. Os terreos están clasificados como solo rústico.

Existe acceso rodado á edificación que está previsto rehabilitar para a construción do museo.

No plano u0.Planta ámbito pé acotada dedúcese que a distancia dende o punto máis desfavorable da edificación prevista ata o borde asfaltado da estrada ronda os 8,00 m, e é superior a 10,00 m ao eixo da mesma, que sería autorizable por atoparse fora da liña límite de edificación definida polo acordo do pleno da Deputación provincial de Lugo de 30 de abril de 2019.

Todas as actuacións a executar dentro da zona de afección da estrada deberán contar coa autorización da Deputación Provincial de Lugo, incluído o acceso á estrada LU-P-5819, que deberá



resultar en consoancia co articulado da orde do 23 de maio de 2019 pola que se regulan os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo.

Conclusiones.

Por todo o anteriormente exposto, este Servizo de Vías e Obras propón respecto ao documento presentado, e a efectos da Lei 8/2013 de estradas de Galicia no que se refire ás vías de competencia desta Deputación:

Emitir informe sectorial favorable ao Plan Especial de Dotacións Museo do Viño.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA LISTAXE DE ESTABLECEMENTO ADHERIDOS AO PROGRAMA BONO IMPULSO- DEPUTACIÓN DE LUGO (BONO PARA A HOSTALARÍA E COMERCIO LOCAL).

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Tendo en conta que con data 30 de abril de 2021 aprobouse por acordo de Xunta de Goberno as bases e convocatoria do Programa Bono Impulso- Deputación de Lugo.

Tendo en conta que en sesión ordinaria do 04.06.2021 aprobouse por acordo de Xunta de a relación de establecementos adheridos e excluídos do programa Bono Impulso.

Considerando que da revisión por parte desta sección dos expedientes das entidades adheridas ao programa (aprobadas na Xunta de Goberno do 04.06.2021) obsérvase que, a nomenclatura aprobada dalgunhas empresas refírese aos nomes comerciais e non ao nome da razón social co que se corresponde cadanseu NIF. Unha vez corroborados os datos cos interesados, e co

fin de xustificar correctamente a devandita subvención, débese modificar a nomenclatura do seguinte xeito:

NOMENCLATURA ANTERIOR	NOMENCLATURA CORRECTA	NIF
CONTAR PARA EL BEBÉ CB	FONTAO PARA EL BEBÉ CB	E27481753

Por todo o anterior, propónse a Xunta de Goberno:

Aprobar a modificación da nomenclatura das seguintes entidades beneficiarias:

NOMENCLATURA ANTERIOR	NOMENCLATURA CORRECTA	NIF
CONTAR PARA EL BEBÉ CB	FONTAO PARA EL BEBÉ CB	E27481753

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE ENTIDADES BENEFICIARIAS DA MEDIDA 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL” DENTRO DO PROGRAMA PRENDE! BOTA RAÍCES NO RURAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Considerando que con data 26 de xuño de 2020 aprobase en Xunta de Goberno a convocatoria e bases das medidas de fomento de emprego por conta allea 8.2.4.2 “Gente joven en el rural”, e as medidas de fomento do emprego por conta propia medida 8.2.3.3 “Tu empleo social en el rural” e axudas ao emprendemento colectivo no marco da economía social medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural”, dentro do Programa Prende! Bota Raíces no Rural. Ditas bases publícanse con data 30 de xuño de 2020 no BOP número 148.



Considerando que segundo se recollen nas bases anteriormente mencionadas, concretamente no seu artigo 1, os obxectivos de cada unha das medidas agrúpanse do seguinte xeito:

“(…)

1) Fomento da empregabilidade

Recollido na Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” a través da que se persegue contribuír a mellora da empregabilidade dos mozos e mozas do medio rural mediante a concesión de 30 bolsas de axudas económicas a persoas físicas ou xurídicas, afincados nos concellos relacionados no Anexo I, para a contratación por conta allea, financiando os custos salariais do 50% do SMI vixente durante 12 meses para a contratación dun mozo inscrito no sistema de garantía xuvenil.

(…)

Considerando que con data 18 de setembro de 2020 a Deputación de Lugo aprobou a primeira listaxe de empresas beneficiarias da Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural”. Dentro das listaxes de empresas beneficiarias atópase:

BENEFICIARIO	NIF	CONCELLO	PERFIL	SUBVENCIÓN
VIDAL REY S.C.	***3757**	A PASTORIZA	Peón Ganadeiro	5.700,00 €

Considerando que con data 30 de setembro de 2021, a entidade Vidal Rey S.C. con CIF ***3757**, presenta escrito de renuncia a través da Sede Electrónica da Deputación de Lugo (achégase renuncia). Esta preséntase antes de ter recibido cantidade algunha en concepto de subvención.

Considerando ó anteriormente exposto, de acordo coa lexislación vixente en materia de subvencións así como coas Bases do Programa Prende ! Bota Raíces No Rural, propónse a esta Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aceptar a renuncia das seguintes empresas beneficiarias da Medida 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural” dentro do Programa Prende! Bota Raíces no Rural:

BENEFICIARIO	NIF	CONCELLO	PERFIL	SUBVENCIÓN
VIDAL REY S.C.	J27375781	A PASTORIZA	Peón Ganadeiro	5.700,00 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2018.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación aos expedientes que se relacionan referentes á xustificación das subvencións de referencia, procede informar:

1.- Na Xunta de Goberno do día 4 de maio de 2018, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrência para a concesión.

2.- Con data 16 de maio de 2018, a convocatoria publicase no Boletín Oficial da Provincia número 111 pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

3.- Con data 10 de agosto de 2018, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de



subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 14 de agosto de 2018, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 186, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 10 de agosto de 2018.

5.- A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “ Prazos de xustificación”, prevé: “ Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2019.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente- (...) de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

7.- Unha vez rematado o prazo de presentación das contas xustificativas, correspondentes ás entidades culturais relacionadas, revísase a documentación presentada e constátase que presenta

deficiencias dacordo as Bases da Convocatoria para a xustificación das subvencións concedidas. Por este motivo, a Presidencia desta Deputación, resolveu, con data 10 de decembro de 2019, requirir ás asociacións culturais que se relacionan, para que no prazo improrrogable de 15 días, presenten a documentación requirida, advirtíndoselles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvencións, previo trámite do expediente

8.- Con data 11 de decembro de 2019, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada.

9.- Transcorrido o citado prazo de 15 días e non sendo atendido o citado requirimento polas asociacións citadas, a Presidencia desta Excma. Deputación de Lugo, resolveu, con data 2 de novembro de 2020, iniciar o expediente de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2018, aprobadas pola Xunta de Goberno de 10 de agosto de 2018, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

10.- Con data 18 de decembro de 2020, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada na que se lles comunica, que segundo a Resolución da Presidencia citada, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.

Transcorrido o citado prazo de 10 días, establecido para o trámite de audiencia, as asociacións culturais citadas, non presentaron neste organismo a documentación requirida, tal e como se expoñía nas citadas notificacións e como consta no punto 11 das Bases da Convocatoria para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2018.



Tendo en conta, que unha vez transcorrido o prazo citado de 10 días de trámite de audiencia, a Deputada que subscribe propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que se se declare perda de dereito ao cobro total das subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2018, aprobado pola Xunta de Goberno de 10 de agosto de 2018, das entidades relacionadas, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS. (e despois de transcorrer o prazo de audiencia concedido, sen presentar alegacións nin documentación), que se relacionan:

NOME ENTIDADE	CIF	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
APA CEIP VIRXE DO MONTE	G27184027	EXCURSIÓN CULTURAL A VILLABLINO	905,00€

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE ESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DO ALCALDESA DO CONCELLO DE LOURENZÁ DE DESTINAR OS FONDOS CONCEDIDOS PARA A REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS DENTRO DO “PROGRAMA DE CELEBRACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS” Á EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS “VAL DAS FABAS 2021, PROGRAMA DE ACTIVIDADE FÍSICA DE DINAMIZACIÓN NAS PARROQUIAS, E LOURENZÁ FIN DE ETAPA MILLA”, DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Vista a solicitude de Nº expediente: 2021/PES_03/023299 e nº rexistro 2021RT017257 de data 10/11/2021 12:26:57 pola Alcaldesa do Concello de Lourenzá no que expón “... a modificación do programa de actividades deportivas. Confirmamos a realización da Val das Fabas

2021. A actividade Marcha Cicloturista C. de Lourenzá non se realizou por situación Covid. Confirmamos a realización da A. Física de dinamización nas parroquias. A actividade Lourenza fin de etapa pasa a ser milla (carreira popular) en lugar dunha marcha, por ser unha situación mais sinxela de controlar por situación Covid”.

Á vista do informe do servizo de Deporte do seguinte teor literal:

«Informe relativo a solicitude do Alcaldesa do Concello de Lourenzá de modificación do programa de actividades deportivas do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Vista a solicitude de Nº expediente: 2021/PES_03/023299 e nº rexistro 2021RT017257 de data 10/11/2021 12:26:57 pola Alcaldesa do Concello de Lourenzá no que expón “... a modificación do programa de actividades deportivas. Confirmamos a realización da Val das Fabas 2021. A actividade Marcha Cicloturista C. de Lourenzá non se realizou por situación Covid. Confirmamos a realización da A. Física de dinamización nas parroquias. A actividade Lourenza fin de etapa pasa a ser milla (carreira popular) en lugar dunha marcha, por ser unha situación mais sinxela de controlar por situación Covid”, emítase o seguinte informe,

Antecedentes

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrado o 29 de decembro de 2020, acordou a aprobación das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021, publicadas no BOP nº 008, do martes 12 de xaneiro de 2021.

A base 22ª.- determina que:

A xestión do Plan Único será levada a cabo polos seguintes servizos da Deputación:

(...)

e. Programa de actividades deportivas: Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica – Servizo de Deportes.

Pola súa parte, a Base B.5.- Programa de actividades deportivas, reflicte que con carácter xeral os concellos poderán destinar, a actividades deportivas, con cargo ao Plan Único 2021 da Deputación de Lugo a cantidade que cada Concello determine, fixándose un gasto mínimo por actividade de 1.500,00€, non podendo solicitar actividades con gasto inferior, correspondentes ao

exercicio natural de 2021. Atenderase ao establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, en canto ás competencias e funcións atribuídas aos Concellos e ás Deputacións.

A Alcaldesa do Concello de Lourenzá presentou, en data 11/02/2021 10:44:36 e nº rexistro 2021/PPC_01/000028, solicitude de participación no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021.

No relativo ao Programa de actividades deportivas, o Concello de Lourenzá formulaba como actividades a desenvolver “Actividades deportivas: XI Val das Fabas 2021, Marcha cicloturista Concello de Lourenzá 2021, Actividade física e dinamización nas parroquias, e Lourenzá Fin de Etapa”, cunha achega da Deputación Provincial por importe total de oito mil euros (8.000,00 €).

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 31 de marzo de 2021, acordou a aprobación do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021, no que se contempla unha achega de oito mil euros (8.000,00 €) para a Programa de actividades deportivas: “Actividades deportivas: XI Val das Fabas 2021, Marcha cicloturista Concello de Lourenzá 2021, Actividade física e dinamización nas parroquias, e Lourenzá Fin de Etapa”.

A Alcaldesa do Concello de Lourenzá en expediente 2021/PES_03/023299 e nº rexistro 2021RT017257 de data 10/11/2021, solicita a respectiva modificación de actividades deportivas de destino do importe concedido oito mil euros (8.000,00 €) para a realización das actuacións recollidas no Programa de actividades deportivas: “Actividades deportivas: XI Val das Fabas 2021, Marcha cicloturista Concello de Lourenzá 2021, Actividade física e dinamización nas parroquias, e Lourenzá Fin de Etapa”; á execución das seguintes actividades: “Val das Fabas 2021, Programa de actividade física de dinamización nas parroquias, e Lourenza Fin de Etapa Milla”

Ha de terse en conta que o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021 contempla, na súa Base 17.2. Resto programas, que os concellos poderán solicitar motivadamente a modificación/substitución das actividades, actuacións ou eventos, con anterioridade á data límite do vencemento de cada programa, que será tramitada por cada unidade xestora dos distintos programas e aprobada, de proceder, pola Xunta de Goberno da Deputación.

Cómpre lembrar que segundo o reflectido na Base 18.7 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 “a efectos de xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación na data límite do 31 de marzo de 2022, a conta xustificativa”.

E que así mesmo, as Bases do referido Plan prevén na súa Base 11.2 que “Os remanentes ou aforros producidos en cada programa, poderán ser utilizados en outras actividades, eventos ou actuacións, sempre que sexan da mesma tipoloxía e non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que aquel no que se producira a baixa ou aforro) previa proposta do Concello presentada con anterioridade á data límite do vencemento do programa e aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación. Cada área xestora tramitará a concesión de aforros ou remanentes producidos, de ser o caso.”.

No relativo ao órgano de aprobación, cabería concluír que por analoxía e para supostos de solicitudes coma o que se propón por parte do Concello de Lourenzá, debería entenderse a Xunta de Goberno como órgano competente para estimar ou desestimar as solicitudes de cambio de realización de actividades contempladas no Plan Único.

Así mesmo, cómpre lembrar o previsto no o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que no seu artigo 172 dispón expresamente que “os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal houberan sido autorizados no presuposto xeral da entidade local ou polas súas modificacións debidamente aprobadas”.

A modificación de actividades deportivas de destino do importe concedido oito mil euros (8.000,00 €) para a realización das actuacións recollidas no Programa de actividades deportivas, consistiría no cambio das accións inicialmente previstas: “Actividades deportivas: XI Val das Fabas 2021, Marcha cicloturista Concello de Lourenzá 2021, Actividade física e dinamización nas parroquias, e Lourenzá Fin de Etapa”, polas accións: “Val das Fabas 2021, Programa de actividade física de dinamización nas parroquias, e Lourenza Fin de Etapa Milla”. En consecuencia a entidade local comunica a non realización dunha das actividades “Marcha Cicloturista C. de Lourenzá” e a modificación da actividade “Lourenzá fin de etapa marcha”, pola actividade “Lourenzá fin de etapa, IV Milla popular”, indicando a entidade local que:



Confirmamos a realización da Val das Fabas 2021.

A actividade Marcha Cicloturista C. de Lourenzá non se realizou por situación Covid.

Confirmamos a realización da A. Física de dinamización nas parroquias.

A actividade Lourenza fin de etapa pasa a ser milla (carreira popular) en lugar dunha marcha, por ser unha situación mais sinxela de controlar por situación Covid.

Que logo de ver a solicitude de participación no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021 presentada no seu día, o orzamento formulado polo Concello de Lourenzá era o seguinte:

Actividade	Orzamento
XI Val das Fabas 2021	1.500,00 euros
Marcha cicloturista Concello de Lourenzá 2021	1.500,00 euros
Actividade física dinamización parroquias	4.620,00 euros
Lourenzá fin de etapa	1.500,00 euros
TOTAL	9.120,00 euros

Que á vista da memoria e cadro de gastos da solicitude de cambio de actividades o orzamento quedaría da seguinte maneira:

XI Val das Fabas 2021	4.600,52 euros
Actividade física dinamización parroquias	3.081,87 euros
Lourenzá fin de etapa, IV Milla Popular	1.437,61 euros
Total	9.120,00 euros

E por tanto, o custo total das actividades a desenvolver non sufriría modificación ascendendo a un importe de 9.120,00 euros.

Asé mesmo, a actividade proposta na modificación cumpriría considerala actividade deportiva e os gastos indicados na referida memoria como gastos correntes.

En consecuencia, á vista do exposto e a xuízo de quen asina, procedería estimar a solicitude formulada polo Concello de Lourenzá para o cambio de actividades solicitado “Val das Fabas 2021, Programa de actividade física de dinamización nas parroquias, e Lourenza Fin de Etapa Milla”, por entender que cumpriría cos requisitos previstos nas Bases do Plan Provincial Único de

Cooperación cos Concellos 2021, dado que a modificación proposta relativa a destinar os importes da achega provincial para o programa de actividade deportivas, suporía no seu caso a realización de actividades que serían da mesma tipoloxía, tendo en conta que a actividade proposta se axustaría ao fomento de actividades deportivas de mantemento e exercicio físico e de promoción de hábitos saudables, e entendendo por tanto, - e a salvo da valoración por parte do servizo de Intervención respecto desta cuestión-, que non suporían unha modificación orzamentaria.

Tal é o que procede informar ao respecto, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en Dereito.”.

Á vista do informe do servizo de Intervención.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

Estimar, en base ao establecido na Base 11.2 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, a solicitude da alcaldesa do Concello de Lourenzá de modificación de actividades deportivas para destinar os fondos ás actividades “Val das Fabas 2021, Programa de actividade física de dinamización nas parroquias, e Lourenza Fin de Etapa Milla”, por entender que cumpriría cos requisitos previstos nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021, dado que a modificación proposta consistiría na realización de actividades que serían da mesma tipoloxía e non suporían modificación orzamentaria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Conta e cumprimento da Sentenza nº116/2021, de 25 de xuño, ditada polo polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo no Procedemento Abreviado 94/2021.

Dase conta da Sentenza nº 116/2021, de 25 de xuño, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo, no Procedemento Abreviado 94/2021, seguido a instancia de D. Ángel Meitín Louzao fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial, en cuxo fallo dí o



seguinte: “Que debo estimar y estimo el recurso contencioso- administrativo interpuesto por la representación procesal de D. Ángel Meitín Louzao frente a la Excm. Diputación Provincial de Lugo seguido como proceso abreviado número 94/2021, contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta sentencia, que se declara contraria a Derecho y se anula; y consecuencia debo condenar y condeno a la Administración demandada a indemnizar al demandante en la suma de 475,89 euros, más los intereses legales devengados desde el 19/11/2020”.

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes, dar cumprimento á citada Sentenza; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, da cantidade de 300 euros, importe da franquicia do seguro de responsabilidade que ten contratado esta Deputación.

18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.